

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 12

SESION ORDINARIA DO 27 DE SETEMBRO DE 2017

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
(incorpórase ás 9,20 h.)
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Rodríguez Díaz, Santos Héctor (concelleiro do grupo municipal Socialista)
Rodríguez Escudero, Cayetano (concelleiro do grupo municipal Socialista)
Silva Rego, M^a Carmen (concelleira do grupo municipal Socialista)
Fidalgo Iglesias, Miguel (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día vinte e sete de setembro do ano dous mil dezasete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López

Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Señores/as concelleiros, iniciamos o Pleno do Concello en sesión ordinaria que obra en poder das señoras/es concelleiros, constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos a orde do día.

Hai unha petición de cambio da orde do día aos efectos de debater primeiro a moción que ven co número 9 e despois a moción número 8, as dúas do grupo Popular, hai un acordo dos voceiros e polo tanto procederemos a ese cambio de orde.

PARTE RESOLUTIVA

1(145).- ACTAS ANTERIORES: (SESIÓN ORDINARIA 26.07.2017).

(No momento da votación atópase ausente o concelleiro, Sr. Pardo Espiñeira).

Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 26.07.2017.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Eu quería instar unha cuestión de orde porque acabamos de recibir neste grupo municipal un informe do secretario do Pleno para o noso xuízo desbancar a moción urxente que presentáramos dende este Pleno, parécenos un feito absolutamente insólito, gustaríanos que nos explicara agora

que comeza, porque parece ser que nin sequera vaise debater a urxencia da moción con este informe na man. Gustaríanos que se explicara e que nos explicara o secretario do Pleno cal é a diferenza entre a moción urxente presentada polo Partido Popular e a moción urxente que presentou o Partido Socialista que fai referencia a un informe do mes de xullo do 2017 e que se refire ao ano 2015. Sinceramente parécenos inexplicable e nos gustaría que o secretario nos dera unha explicación de porque recibimos este informe impedindo incluso que se debata a urxencia neste Pleno.

PRESIDENCIA: Cando chegue o momento dese punto proceda vostede a propoñer esa moción de orde.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2(146).- PROPOSTA DE FESTIVIDADES LOCAIS PARA O ANO 2018. EXPTE. 1465/110 (REXISTRO PLENO 1618/1101)

ANTECEDENTES: En data 13 de setembro de 2017, o concelleiro delegado de Xestión Municipal, emite o seguinte informe proposta,

“O concelleiro delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, de conformidade co disposto no artigo 37.2 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e de conformidade co artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola Disposición derogatoria única do Real Decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, que indica que corresponde ao Pleno da Corporación o sinalamento das datas das festividades locais, eleva a dito órgano a seguinte...”

Deseguido o concelleiro delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica emite a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

Por escrito de data de saída do 14 de setembro, número 98981, o Servizo de Emprego e Economía Social da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Vigo, 15 de outubro de 2017.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, na súa sesión do 20 de setembro de 2017, ditaminou favorablemente a citada proposta.

PRESIDENCIA: Volven a ser os mesmos festivos que sempre facemos, día da Reconquista o 28 de marzo e o día de San Roque o 16 de agosto. Procedemos á votación.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Fixar as seguintes festividades locais para o ano 2018

- 1.- O Día da Reconquista desta cidade, mércores 28 de marzo
- 2.- O Día de San Roque, xoves 16 de agosto

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo ao órgano competente da Administración da Comunidade Autónoma.”

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

3(147).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE A QUE OBRIGUE ÁS EMPRESAS ADXUDICATARIAS DAS VIAXES DO IMSERSO A QUE OPEREN UN MAIOR NÚMERO DE VOOS DENDE O AEROPORTO DE VIGO. REXISTRO PLENO 1621/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de setembro de 2017, número 1621/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Iglesias González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Un ano máis o Instituto de Maiores e Servizos Sociais dependente do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, responsable do Programa do Imserso, volve centralizar no aeroporto de Lavacolla os voos dos viaxeiros de Vigo e do resto da Provincia de Pontevedra

Esta desafortunada decisión vense producindo dende o ano pasado cando os voos do Imserso con saída de Peinador víronse reducidos de case 100 a soamente 38 mentres que dende Lavacolla foron 189.

A oferta deste ano reflexa que a lo menos dous de cada tres avións aos que opta a poboación de Pontevedra non se operarán dende o aeroporto de Vigo, senón dende Compostela.

Desta maneira, Vigo e toda a súa área metropolitana, resultan tremendamente prexudicadas e agraviadas cando recollen a un número de habitantes moi importante, moitos dos cales son persoas xubiladas e polo tanto potenciais demandantes dos viaxes do Imserso.

Cabe subliñar que Vigo conta co aeroporto galego que registrou o maior crecemento en número de voos e pasaxeiros dos últimos dous anos cunha media de crecemento do 40% e coa maior oferta de destinos da súa historia, acadando no que levamos de ano máis de 1.000.000 de pasaxeiros.

A todo isto é preciso engadir as incomodidades e aumentos de custe aos que se ven sometidos os habitantes de Vigo que voan dende Santiago xa que deben ir polos seus propios medios a Pontevedra para alí coller o autobús que os leve a Lavacolla. Algo que non se entende ao ser Vigo, con moito, a maior cidade de Galicia, polo que debería dispoñer de saídas de autobuses dende esta cidade.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:

ACORDO:

- Instar ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a que de xeito inmediato obrigue as empresas adxudicatarias dos viaxes do Imserso a que operen un maior número de voos dende o aeroporto de Vigo, para satisfacer a demanda que se fai dende este territorio.

De modo inmediato, en tanto non se produce este cambio que os autobuses cara outros aeroportos saian tamén dende Vigo.”

DEBATE:

SRA. IGLESIAS GONZÁLEZ: O pasado 15 de setembro deste ano comezou a comercialización do programa de turismo 2017-2018 do Imserso promovidos polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e xestionados polas empresas Mundosenior e Mundiplan adxudicatarias do concurso público que quitou o instituto de maiores e servizos sociais dependente do antedito ministerio, e como era de esperar outro ano máis o goberno do Partido Popular decide darlle as costas a cidade de Vigo e promover o Aeroporto de Santiago de Compostela de onde sairán máis de 150 voos fronte aos aproximadamente 50 que saíran de Peinador. A enorme diferenza entre un aeroporto e outro está clara e é algo que podemos resumir dicindo que dous de cada tres avións aos que opta a poboación de Pontevedra non se operará dende Peinador senón dende Labacolla, algo que non se entende se temos en conta que Vigo é a cidade máis grande de Galicia e conta cun aeroporto, Vigo e toda a súa área metropolitana acollen a un número de habitantes superior á compostelá e polo tanto o número de xubilados e potencias demandantes destas viaxes é maior, e Peinador e o Aeroporto Galego que máis creceu tanto no número de voos como de pasaxeiros dos últimos dous anos, coa maior oferta de destinos da súa historia e acadando no que levamos de ano máis de 1 millóns de pasaxeiros. Por todo isto, e ante o alarmante descenso no número de voos o Alcalde, Sr. Abel Caballero, enviou en febreiro deste ano unha carta á directora xeral do Imserso na que lle pedía que tomara as medidas necesarias para revertir tan inaceptable situación, e a resposta da Sra. Carmen Balfagón é que nos pregos de prescricións técnicas do contrato só se recollía que a saída se efectuaría dende un número limitado de aeroportos onde non aparecía o de Vigo, polo que

non lle podía esixir ás empresas adxudicatarias que empregase en maior medida o Aeroporto de Peinador e claro, ante esta citación imos aos citados pregos e o que nos atopamos déixanos anonadados, verán no punto 6 do prego di “los desplazamientos de los usuarios se planificarán y ejecutarán de tal forma que se reduzca al mínimo el tiempo destinado a los viajes, utilizando en el caso de transporte aéreo los aeropuertos de salida más próximos a las provincias de origen” e ao final do parágrafo di “cuando existan razones que lo justifique pueden pedirse autorización expresa do Imserso para modificar las condiciones obligatorias establecidas para el transporte”, polo que nos atopamos ou ben cun incumprimento das obrigas por parte das empresas adxudicatarias sen que o Ministerio faga nada, ou ben o Imserso autorizou ás citadas empresas a deixar de operar as viaxes dende o Aeroporto de Vigo, ámbolos dous casos son iguais de graves.

Se seguimos lendo nos decatamos de que a directora do Imserso non coñece o documento ao que fai referencia, xa que os pregos recollen que “en los desprazamientos a las Islas Baleares y Canarias las salidas se efectuarán al menos desde cualquiera de los aeropuertos de Madrid, Barcelona, Sevilla, Victoria, Santiago de Compostela, Valencia, Oviedo, Alicante, Granada, Valladolid, Zaragoza, Málaga, Salamanca, Las Palmas, Tenerife, Santander y Palma de Mallorca”, unicamente nos desprazamentos ás illas e tendo en conta que este ano si se operan voos dende Vigo tanto a Canarias como a Baleares, non entendemos porque non se pode aumentar o número dos mesmos, pero é que aínda hai máis, xa que se seguimos lendo o documento non atopamos cun apartado realmente sorprendente que di “los desplazamientos de los usuarios se iniciarán desde los puntos de salida de cada capital de provincia o localidad autorizada por el Imserso” polo que si que está nas mans do Imserso obrigar ás concesionarias a que poñan autobuses dende Vigo e non só dende Pontevedra, unha mentira tras outras. Por iso, instamos ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a que de xeito inmediato obrigue ás empresas adxudicatarias das viaxes do Imserso a que operen un maior número de voos dende o Aeroporto de Vigo para satisfacer a demanda que se fai dende este territorio, e de modo inmediato en tanto non se produza ese cambio, que os autobuses cara outros aeroportos saían tamén dende Vigo.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Imos apoiar os acordos contidos nesta moción, é evidente que neste tema polo peso de poboación de Vigo e a Área Metropolitana centralizar os servizos causan un claro prexuízo aos usuarios, agora ben hai motivos para esta situación, a adxudicación deste servizo e en realidade de calquera outro a unha empresa privada tendo por parte da administración como máximo criterio o factor económico, conduce a que as empresas busquen sempre unha baixada de custes, estes servizos non se adxudicou e non se organizou pensando nas persoas, adxudicouse e organizouse pensando exclusivamente no factor económico, por iso temos a situación absurda de que as empresas adxudicatarias para aforrar cartos centralicen o transporte dende a capital da provincia, e non teñan transporte na cidade máis poboada de Pontevedra, moitas persoas usuarias incluso da provincia de Ourense terán que desprazarse a Santiago de Compostela cando o lóxico sería que as viaxes de usuarias do sur de Galicia foran operadas dende o sur de Galicia, e por suposto que tal e como xa di a moción o desprazamento a Pontevedra aumenta o custo da viaxe como para non aumentalo coa navallada que supón a AP-9, que por certo, é un exemplo perfecto de que o debate sobre infraestruturas é un tema que ten moito que ver coa política e moi pouco ou nada cos criterios técnicos, e non o digo eu, dio o Ministro de Fomento, o Sr. Iñigo de la Serna, cando di “en este contexto de tensiones territoriales, iniciar un proceso así conllevaría a muchos otros hasta llegar a un desmantelamiento de las infraestructuras do Estado” referíndose neste caso a AP-9.

Son pois, as infraestruturas e os servizos que supoñen un factor político para a cohesión dun estado ou dun país, aínda que en Galicia é máis ben un factor de falla de cohesión. Alén deste factor político explicitado polo Ministro, ten o seu punto contraditorio que o Ministro fale de infraestruturas de Estado no caso da AP-9, e por outra banda, se falamos de rescate de calquera servizo público privatizado todo o seu partido botas as mans á cabeza escandalizado. Proceso privatizador do que dende logo non están excluídos os aeroportos e os seus servizos, xa está tardando o Goberno español en desfacerse do pouco que lle queda de Aena.

A maior cantidade de voos operados dende Santiago de Compostela tamén está relacionado co factor económico e aquí deberíamos entrar xa dunha vez na coordinación de infraestruturas aeroportuarias deste país, un debate

absolutamente necesario e sempre adiado por motivos electoralistas. Hai que repensar en clave de país a organización dos aeroportos, pode ir polo camiño da especialización, pode ir polo camiño da descentralización, con aeroportos con infraestruturas proporcionadas para a área xeográfica na que se vai operar, máis para calquera opción que vaia na liña de que as usuarias/os non perdan servizos é necesaria xa a coordinación entre os aeroportos de Galicia, as diferentes administracións teñen que sentarse, falar e negociar. Nestes acordos que hoxe imos apoiar dende a Marea de Vigo o PSOE fai unha defensa da descentralización de servizos, agora ben, teñamos todas claro que unha descentralización non é compatible de ningunha maneira con privatizacións de infraestruturas, o capital privado só entende de beneficios e polo tanto, da acumulación e concentración para aforrar custes e tampouco é compatible coa descentralización a competencia localista, porque a competencia sempre implica que vai haber perdedores.

SR. GAGO BUGARÍN: En primeiro lugar, hoxe falamos aquí a proposta do Partido Socialista, do goberno municipal, dunha moción de turismo, eu aproveito para dicirlle a este goberno municipal que levamos dous anos e medio, que tan so presentaron tres moción de turismo, dúas do Imsero e que sendo a segunda fonte de ingresos da cidade e a primeira do país, deixa moi claro cal é a importancia e cales son as iniciativas das propostas que ten este goberno municipal en materia de turismo.

Podíamos poñer o exemplo da Vigo Convention Bureau, que é que onte saíu unha noticia nos medios de comunicación, a min gustaríame saber e ao Partido Popular lle gustaría saber que é o que fai a Vigo Convention Bureau cando noutras cidades está atraendo congresos e feiras cando aquí non fai absolutamente nada, é certo que o outro día veu un pequeno cuño nos medios de comunicación dicindo que ían traer un congreso para a cidade en xuño do ano 2018, iso é o único que se está a facer en materia de turismo e o único que se está a facer a través da plataforma de promoción da cidade Vigo Convention Bureau.

En relación ao problema do Imsero, no día de onte e no día de hoxe se exemplarizaron dúas formas absolutamente distintas de xestionar un problema. Por unha banda esta como a fai o goberno municipal que é denuncia, confrontación e cero colaboración, xestión cero, e o Partido Popular que fai? Hai un

problema, intenta buscar solucións, vaise a Madrid, reúnese coa directora xeral e consegue que xa no ano 2017 saían catro veces máis usuarios do Imsero do Aeroporto de Vigo dos que saían o ano anterior, iso é o que fai o Partido Popular fronte ao que fai o Goberno Socialista, confrontación, confrontación, pau entre as rodas e cero solución, e así con todos e cada un dos problemas, levamos dous anos e medio denunciando que vostedes cando hai un problema que non depende directamente do Concello de Vigo o que fan é poñer problemas, dificultades de facer cero resolucións aos problemas. Fíxense o que lles preocupa realmente o problema do Imsero que enviaron unha carta o 7 de setembro e resulta que a enviaron a nome do director que leva un ano que xa non é director, ou sexa, vostedes fíxense ata que punto os concelleiros, os asesores que teñen son capaces de darse conta do máis elemental que é cando se remite unha carta, preocúpense polo menos a quen se lle remite a carta porque que lla envíen a un director xeral que hai un ano que xa non é director xeral, pois dende logo é, polo menos, para que se lles caia a cara de vergoña, pero non pasa nada porque é unha máis, iso pasa cando non importan os problemas, cando se ven aquí e lense a moción, cando realmente no se buscan solucións aos problemas.

O importante, é que gracias ás negociacións do Partido Popular que é oposición de momento no Concello de Vigo, conseguiuuse que no ano 2017 se múltiple por catro o número de usuarios que van saír do Aeroporto de Vigo, pero o que é máis importante é que se lle solicitou e se conseguiu o compromiso da directora xeral que no próximo contrato, non se vai a renovar o actual que podería ter un ano de prórroga, é o habitual, no próximo contrato do ano 2018 o Aeroporto de Vigo será un aeroporto de referencia, igual que o de Lavacolla e polo tanto, esperemos e veremos como os usuarios do Imsero da zona sur de Vigo, sairán do Aeroporto de Vigo. E tamén en relación á solicitude e á demanda que se facía dos usuarios que non saísen os autobuses dende Pontevedra tamén se adquiriu o compromiso de que saían dende Vigo. Esa é a diferenza Sra. Iglesias, señores do goberno municipal, entre buscar solucións a un problema, ou lanzar un globo sonda aos medios de comunicación e non facer absolutamente nada para solucionalo.

En relación ao Aeroporto dicir dúas cousas, primeiro, vostedes dan, resulta que sae o outro día estadísticas do número de usuarios que saíron do Aeroporto de Vigo con Air Nostrum e resulta que cada vez que invisten cartos no Aeroporto é menor o

número de usuarios que o utilizan, polo tanto, deben vostedes analizar se efectivamente o que están a facer e onde están destinando eses cartos e a que compañías, están traendo novos resultados para o Aeroporto e en segundo lugar, hoxe mesmo, 27 de setembro de 2017 sae no BOE un 1,7 millóns de euros para renovar e modificar a plataforma e a rúa C1 do aeroporto, a diferenza é que o Partido Popular dende o goberno ou dende a oposición busca solucións e consegue resultados e vostedes dende o goberno con tantos concelleiros e con tantos asesores son incapaces de saber quen é o director xeral que está no goberno de España.

SRA. IGLESIAS GONZÁLEZ: O que é realmente vergoñento é que veñan vostedes a dicir aquí que xa faláron vostedes co ministerio e que xa teñen todo arranxado para o ano que ven, mire, e que os pregos deste ano, os que o seu goberno quitou adiante xa din que é obrigatorio que saian os voos dende Peinador, xa o di que é obrigatorio, xa di que están nas mans do Imserso que poñan autobuses con saída dende Vigo e que están incumprindo os pregos, non veñan aquí agora a intentar apuntarse un tanto porque non nos cree ninguén, o seu partido sempre estivo en contra desta cidade e en contra do seu aeroporto, se non chega a ser polo Alcalde e polas políticas levadas a cabo dende este goberno municipal, Peinador a estas alturas xa houbese votado o ferrollo, nestes últimos anos quen de verdade se preocupou polos pensionistas de Vigo foi este Alcalde, primeiro, requiríndolle de forma oficial en reiteradas ocasións ao Imserso que non menosprece a esta cidade como o están a facer, e segundo, traendo a este Pleno dúas mocións presentadas por este grupo municipal esixindo o mesmo, ten vostede Sra. Muñoz e o seu partido aos usuarios de Vigo cabreados, sendo unha vez máis testemuñas de como o Partido Popular discrimina e non atende a esta cidade, e claro, ante este panorama son eles os que acoden ao Alcalde para pedirilles que por favor, fagan todo o posible para poñer fin a esta situación, como demostran todos e cada un dos escritos que lle escriben os cidadáns de Vigo ao Alcalde pedíndolle por favor, que interceda ante esta situación, porque se teñen que esperar por vós acabarían indo a Madrid a coller os avións, e claro, quen vai indemnizar a todos estes xubilados que se ven prexudicados economicamente polas decisións tomadas polo seu partido dende o goberno? Ninguén, o que parece realmente sorprendente e

inaceptable é que non se digne Sra. Muñoz, a esixirlle tanto a deputada autonómica como ao senador que hoxe non está sentado detrás súa que defenda dunha vez a esta cidade porque non sei a que esperan para esixirlle tanto a Xunta de Galicia como ao Ministerio que deixen de prexudicar a Vigo e aos seus veciños/as porque suponse que foron elixidos para representar aos intereses dos vigueses pero unha vez máis deixan claro que iso non é así, só hai que coller o informe do Consello de Contas no que se reflicte que Vigo é a sétima cidade de Galicia en número de axudas, recibindo a terceira parte que Santiago de Compostela, unha vergoña pero xa nos teñen acostumados.

Pero dígolle máis Sra. Muñoz, se ten que ir vostede ao ministerio a dicirle aos responsables do Imsero que Vigo é a cidade máis grande de Galicia, co número de xubilados máis altos e que polo tanto, teñen que poñer voos a Peinador, apaga e ímonos.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.09.2017 (Rex. Nº 1621/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Iglesias González, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4(148).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN A TOMAR MEDIDAS PARA GARANTIR A SEGURIDADE E SAÚDE DO ALUMNADO, PERSOAL DOCENTE E RESTO DE PERSOAL DO CEIP ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO. REXISTRO PLENO 1622/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de setembro de 2017, número 1622/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O día 11 deste mes dou comezo un novo curso escolar. Con alegría e algúns nervios iniciáronse as clases en infantil e primaria na nosa cidade. En todos os centros non.

Ao trastorno habitual que deriva do inicio do curso escolar en calquera centro educativo, nalgúns colexios da nosa cidade súmase o feito de arrincar o curso inmersos en obras ou con precariedade no sector docente.

NO CEIP Alfonso Rodríguez Castelao de Navia, docentes, alumnado, familias e persoal laboral vense obrigados a convivir e traballar entre obras, molestias e ruídos baixo un continuo risco, ademais, para a integridade física.

Tamén se produce unha evidente falta de espazos no centro para o alumnado matriculado na actualidade o que orixina unha diminución máis que evidente nos recursos educativos.

Ademais do reencontro cos seus compañeiros o alumnado terá que convivir con obreiros nas instalacións, material de obra, grúas e zonas do colexio valadas. E a seguridade é básica e máis agora que os alumnos deberán compartir con estas obras practicamente todo o curso escolar.

Si resulta importante que calquera recinto ou edificio que acolle a persoas resulte seguro e cumpra estritamente coas medidas e normativas de seguridade que lle son aplicables, a especial vulnerabilidade dos nenos e nenas converte aos colexios nun tipo de centro en que a seguridade convértese en indispensable.

É responsabilidade da administración educativa favorecer un contexto no que todos os estudantes poidan acceder con seguridade ás súas clases e recibir en igualdade de condicións unha educación pública de calidade.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:

ACORDO:

- Instar á Xunta de Galicia, a Consellería de Educación, a tomar todas as medidas que garantan a seguridade e a saúde do alumnado, persoal docente e resto de persoal educativo do CEIP Alfonso Rodríguez Castelao e que as clases se desenvuelvan nas condicións adecuadas.”

DEBATE:

SRA. ALONSO SUÁREZ: O día 1 de setembro é a data na que volven os profesores ao colexio, comezou no colexio Alfonso Rodríguez Castelao de Navia coa celebración dun Consello Escolar, convocado pola preocupación do estado do centro debido as obras de ampliación do colexio, o centro non estaba preparado para os profesores e aínda menos para os nenos/as, pero resultan que ámbalas datas, o 1 e 11 de setembro que é cando comeza o alumnado son datas aprobadas e coñecidas dende o 12 xuño do 2017, cando se aproba o calendario escolar deste curso, e aínda así o inicio de primaria tivo que atrasarse, é unha falla de previsión? A Xunta de Galicia, a Consellería de Educación que ten a competencia e a responsabilidade delega a toda ela en mans das direccións que son as que teñen que responder diante das familias e do alumnado, unhas direccións que son docentes, cunha responsabilidade educativa e non técnica. Sr. Gago, vou aproveitar para dicirlle algo, vostede acaba de dicir na moción anterior que iso explica que nós estamos nunha confrontación continua, voulle explicar, este colexio cando se presentou o proxecto, a comunidade educativa fixo unha serie de achegas e peticións, nin caso, cal é a solución que queda? A protesta, Sr. Gago, porque iso é o único que vostedes nos deixan.

Son o equipo docente, a directora e os pais e nais os que teñen que demandar as medidas que garantan a seguridade e a saúde da comunidade educativa e así pide que se limpe adecuadamente o edificio de infantil ou o edificio de primaria, é moito pedir? Que estea limpo para recibir aos nenos? O edificio de infantil, un edificio novo, onde estes días os nenos soportaron temperaturas de máis de 30 grados, e o edificio de primaria cun ambiente irrespirable pola acumulación de po, normal e un edificio de dúas plantas e que están obrando enriba, están a facer unha terceira planta, aínda a hoxe 27 de setembro, está sen rematar a cuberta e están comezando co peche perimetral con ladrillos, probablemente se esta parte da obra estivera feita antes do inicio escolar os problemas serían menores, probablemente, pero o po estaba aí e limparon? Non, foron os profesores os que limparon as súas cousas e o Concello o que tivo que limpar para que o alumnado

puidera entrar. Hai alumando neste momento sen poder asistir por problemas médicos e teñen informes médicos, pero por exemplo, no ximnasio entre o po en suspensión e que taparon as rexillas para que non entrase máis po, o profesor o primeiro día entraba con mascarilla, agora xa non entra porque ademais un responsable da Xunta de Galicia díxolle que nese ximnasio había acumulación de CO2, di que hai que buscar unha solución, pero mentres tanto fan ximnasia fora, pero cando comece o frío e a choiva, que? Pero vexamos algunhas cousas máis con fotos proporcionadas pola ANPA, esta grúa tan enorme traballaba en horario escolar, o perigo, o ruído, agora non por que? Gracias ao que pediron os pais. Esta varanda é verdade que normativamente non ten que haber aí unha varanda máis pechada, pero vostedes imaxinen a cara dos pais cando entraron e miraron esa varanda con tódolos escalóns cara abaixo cun talude, imaxinaron pasar os seus fillos e sobre todo os máis pequenos por aí, pediron, cal foi a solución? Puxéronlle unha varandas de obra, como suxeitaron esas varandas? Con arames, con nenos aí, e por enriba unhas varandas estragadas e cheas de óxido, estas son as fotos do colexio, aquí están os nenos nas clases e están dende as 9 ata as 2 e algúns aínda máis porque ata que remata o comedor as 4 da tarde, estas fotos son todas proporcionadas pola ANPA, esta é unha obra, neste lado que non está cuberto nin ten mallar, por aquí, por este camiño saen e entran tódolos días os nenos ao recreo, por aquí abaixo.

SR. JÁCOME ENRIQUEZ: Moi brevemente porque para nós o acordo contido nesta moción non debía xerar un debate especialmente amplo, creo que todas estaremos de acordo en que hai que garantir a seguridade do alumnado e especialmente cando se trata dun colectivo especialmente vulnerable, o certo é que o noso grupo onde si que ten certas dúbidas é precisamente na concesión desta obra, o 80% da obra esta financiada con fondos europeos e preguntámonos se a Xunta de Galicia non podería ter achegado máis fondos para como mínimo reducir os prazos nos que esta obra se vai facer que é no prazo de 9 meses, aínda que tamén a obra ten a suficiente amplitude para que simplemente no período de vacacións non fora feita.

Chámanos a atención aínda que non é uns pregos administrativos especialmente diferentes a calquera outro contrato público se que nos chama a atención que por

exemplo e como ven sendo habitual nas administracións a baixa económica sexa o factor que máis puntúa, con 65 puntos, mentres que por exemplo a ampliación de garantías que é a día de hoxe só de 12 meses e coa máxima ampliación que poderían ofertas as empresas, só puntuaría tres puntos máis ou que o programa de construción asegure os prazos, é dicir, eses nove meses, só puntúe dez, son criterios que cremos que nunha obra destas características non son os máis adecuados. De tódalas maneiras en canto ao acordo en si pois, por suposto imos a votar a favor, fallaría máis.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Imos poñer unha pouca de sensatez e imos deixar a histeria, demagogia e o alarmismo que nos presentan aquí vostedes porque cando hai unha obra por suposto que hai agravios e as veces hai dificultades. En primeiro lugar, vostedes sabían o prazo desta obra como nós, porque a licencia na Xerencia de Urbanismo foi o 6.06.2017 sabendo que a duración da obra eran 9 meses, polo tanto non veñan agora con que en setembro nos demos conta de que estaban en obras o CEIP Castelaio cando sabían perfectamente que as obras ían estar en marcha.

En principio, a seguridade e a saúde están garantidas, non hai perigo, nin para os alumnos nin para os profesores, non vai haber ningunha desgracia se se respecta a obra e a convivencia escolar porque é un momento que estamos facendo infraestruturas, estamos levando a cabo unha obra e unha infraestrutura moi demandada por vostede, que vostede mesma cuestionou, son 2 millóns de euros para ampliar un colexio en Navia tan demandado por esta cidade e que é totalmente necesario, que propón vostede? Non facer a obra, porque é unha obra que non da tempo a facela nun período estival, non da tempo, hai que convivir, ou os nenos non van a escola ou a obra non se fai, polo tanto, un pouco de sensatez neste debate, porque se vai vostede polas rúas que están humanizando, a ver se imos torcer tódolos pes e morre alí porque imos caer, porque hai varandas e arames, e incluso en moitos sitios non hai nin varandas, temos que convivir todos coas obras se queremos progresar, que pasa? Para vostedes é moito mellor non facer nada, propoñer maquetas, en Navia, por certo, están agardando pola sala de lectura e pola famosa biblioteca que tanto ansían, pero vostedes non levantan

ningún piquete, non sabemos nin onde vai estar colocada, se non hai obras non poden vostedes traer este tipo de mocións.

Déanse conta que con esta obra, imos ao tema máis técnico, imos ter un centro novo de liña 3 fronte a un de liña 1 que tiñamos en Navia, esta cidade necesita ese centro, necesita renovación e necesita ampliación, e polo tanto, temos que apoiar esa obra, que pasa, que a vostedes lles encanta que haxa un mínimo problema para facer xa un drama da Xunta de Galicia, un drama absoluto do Partido Popular, mire, dicía eu antes na anterior moción, están vostedes quitando as cousas de contexto, temos que facer unha obra, ampliar unha escola necesaria e temos que convivir coas obras, imos todos intentar que sexan o menos problemáticas posibles para os alumnos e para a comunidade educativa, non votemos máis leña e o fume para que isto se converta nun alarmismo na cidade que non existe, porque no IES de Teis tamén se están facendo obras, estanse a ampliar e non hai problema, nin sequera facemos fotos, e estamos todo o día propoñendo que os nenos van ter un drama ou un problema nese colexio que non é real.

A min gustaríame dicir ademais que hai un arquitecto, un enxeñeiro, que hai persoas que están responsabilizadas desa obra, que a seguridade está en garantía, que hai un plan de seguridade, que se cumpre a normativa, e que parece aquí que isto está botado ao monte e que as obras non se fan como se teñen que facer, están gardando tódalas garantías e toda a seguridade que se precisa.

Gustaríame dicir ademais que é unha casualidade como con tódolos outros sectores e outras obras que se estean facendo obras nas mesmas condicións e nas mesmas garantías noutros centros, incluso en Vigo e en Galicia e só haxa problema nese centro en concreto como sempre pasa. Parece que lles molesta que a Xunta de Galicia invista os cartos en Vigo, que a Consellería de Educación teña garantida a educación pública en igualdade de condicións para tódolos cidadáns de Galicia, para os de Vigo, para tódolos alumnos, parece que lles molesta que avancemos nese campo e parece mentira que vostedes aquí, que abandeiran a defensa de Vigo, estean a poñer sempre paus nas rodas cando estamos a falar de mellora nas infraestruturas e isto dígolle eu, dentro de seis, sete meses estaremos inaugurando, vostedes os primeiros cortando a cinta e inaugurando as obras e facendo alarde de que temos un colexio en moitas mellores condicións e moi adaptado ás necesidades de Navia.

Polo tanto, non fagamos e non intentemos aquí enganar aos cidadáns, ademais gustaríame facer referencia a outra moción anterior dicindo que a presenza dos deputados autonómicos, dos senadores, nós falamos de Vigo a onde imos aló, sempre, cousa que non lle pasa a vostedes, quería saber eu se do PSOE alguén defende a cidade de Vigo en Santiago de Compostela, paréceme a min que non teñen nin a metade da forza que podemos ter o Partido Popular.

Así que, eu insisto, cada euro dos 7 millóns que destina a Consellería de Cultura, investido en Vigo é para mellorar a educación dos alumnos dos vigueses/as para mellorar os centros educativos, para mellorar as infraestruturas pero tanto en educación como en sanidade, como en mobilidade e en tódolos campos que teña que facelo porque nos estamos con esta cidade co avance e coas melloras desta cidade. E a convivencia coas obras claro que é incómoda pero temos que pasala.

SRA. ALONSO SUÁREZ: Sra. Egerique, fíxese se nos parece importante a obra que nos cedemos o terreo, pero o problema Sra. Egerique non é facer a obra, que hai que facela, o problema non é facela durante o curso escolar, non é o mellor pero moitas veces ten que ser, o problema é considerar que por facela hai que conformarse con calquera cousa e non é así, porque se fan unha obra ninguén se ten que conformar porque lla faga mal nin adecuada, e resulta que vostede dirá que está todo moi ben pero que os pais están intranquilos, os pais e as nais deses nenos son os que protestan, e tódalas medidas que se tiveron que tomar aínda que é verdade que alguén certificou que esa obra tiña seguridade, houbo que tomar moitas medidas, e esas medidas por que se tomaron? Simplemente porque as reclamaron pero aínda vai haber máis porque resulta que fallan nas obras facer o tiro nas escaleiras que van aproveitar no Nadal e claro no tiro das escaleiras teñen que volver a picar, romper, entón resulta que logo cando toque comezar o curso o día 8 de xaneiro vai estar outra vez preparada e sen po para que os nenos entren? Porque os nenos teñen que respirar, é unha das cousas que temos que de vez en cando respiramos, pois de verdade ese é problema. Voulle preguntar unha cousa, algún de vostedes ou de nós e eu mesma mercaría un piso ou permitiría que lle entregaran as chaves ou entraría a vivir nunha vivenda onde estivese obrando no piso de arriba? Non, pois entón, aquí existen esas obras, simplemente escoiten, trasládenlle o único que teñen que facer é defender ao alumando e aos pais desa

comunidade, trasládenlle á Consellería de Educación que contemple todas aquelas medidas, sexan necesarias ou non, que garantan que esas clases vanse dar nas condicións adecuadas, e simplemente pensar, eu xa o dixen antes, vostedes din que a obra hai que facela, non houbera sido mellor que esa obra da cuberta e do pechado desa planta estivera feita durante as vacacións? Eu supoño que po habería algo menos, pero non tanto como o de agora, é simplemente ter un pouco de sensibilidade e escoitar, simplemente escoitar.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.09.2017 (Rex. Nº 1622/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

5(149).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 20 de xullo de 2017 e 19 de setembro de 2017.

6(150).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 20 de xullo de 2017 e 19 de setembro de 2017.

MOCIÓNS.

7(151).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO CONCURSO PARA A XESTIÓN DOS SERVIZOS QUE SE PRESTABAN NA CASA DA XUVENTUDE E PUNTO XOVE ATA O 31.08.17, ESTABLECENDO NO PREGO A SUBROGACIÓN DO CADRO DE PERSOAL. REXISTRO PLENO 1615/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de setembro de 2017, número 1615/1101, o voceiro do grupo municipal Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

MOCIÓN

“As políticas para mozos e mozas sempre tiveron un oco importante nas programacións culturais e lúdicas, na prestación de servizos esenciais e mesmo nas partidas orzamentarias dos diferentes gobernos locais que pasaron pola nosa cidade. As situacións de desemprego e precariedade laboral, os problemas de dotacións educativas, ou mesmo de problemas sociais derivados da lacra das

drogo-dependencias nos 80 e 90 obrigaron a dotar á cidade de programas e espazos informativos para evitar a cronificación da exclusión social xuvenil que ameazaba aos nosos barrios.

Curiosamente é nestas lexislaturas recentes nas que gran parte deste patrimonio e traballo multidisciplinar en políticas de xuventude está a ser desmantelado de xeito inexplicable. Fai un ano liquidouse o exitoso programa Súbete ao Castro, que xerou numerosas queixas de usuarios e que, pese ao anunciado polo concello, de ser substituído por outro programa análogo, non existiu nin existe programa parecido dentro da esclerótica programación xuvenil programada dende entón. Algunha dela foi pretendidamente derivada ao Auditorio Mar de Vigo pero resultou un rotundo fracaso e soamente tivo retorno positivo para algunhas empresas contratadas para tal fin.

Na casa da Xuventude actualmente seis traballadoras da empresa concesionaria que en 2013 gañou o concurso, realizan unha función imprescindible para o colectivo de mozos e mozas da nosa cidade: Punto de información xuvenil, xestión dos campamentos de verán, asesoramento laboral, tramite de becas, información de tempo libre e voluntariado, mesmo xestións administrativas de programas como o Camiño a Camiño que non é esencialmente un programa de mocidade.

A principios de a empresa notificou aos traballadores a apertura dun expediente de regulación de emprego de extinción dos seis contratos ao ter constancia por escrito do concello de que “o servizo se extingue e non vai a prorrogarse nin vai ser aberto un novo concurso para realízalo”. Dende o 31 de agosto no edificio da casa da xuventude so desempeñan traballos administrativos tres empregados municipais que teñen, ademais, que atender ao usuarios que anteriormente asistían as seis traballadoras da concesionaria, recursos que están sendo insuficientes e minguan de xeito evidente o nivel de servizo.

A xefa de servizo, unha técnica y un auxiliar administrativo non poden suplir o traballo de seis persoas formadas e con experiencia en servizo de atención á mocidade e desenvolvemento de programas xuvenís, tendo como resultado unha completa improvisación, onde toda a actividade que se viña desenvolvendo estase limitando a anotación nunha listaxe de todas as persoas que acoden alí para demandar calquera dos servizos que se estaban ofrecendo ata o 31 de agosto, xunto cunha solicitude cursada polo Goberno Municipal á FEMP para a subvención da contratación dunha persoa técnica, sendo estas as únicas accións vinculadas á Casa da Xuventude e Punto Xove que se están a levar a cabo desde o Goberno Municipal dende o 31 de agosto, descoñecéndose toda información sobre o futuro de tales servizos.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal da Marea de Vigo presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguinte

ACORDO:

- Sacar a concurso de xeito inmediato a xestión dos servizos que se viñan desenvolvendo na casa da Xuventude e Punto Xove ate o 31 de agosto,

establecendo no prego a subrogación do cadro de persoal que o viña desenvolvendo coa concesionaria anterior.

- Recuperar nas instalacións do Castro o programa SÚBETE AO CASTRO co seu espírito orixinario, recuperando tamén proxectos técnicos e programas que tiñan unha valoración importante por parte dos usuarios e usuarias."

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Esta moción no é nova, entre outras cousas o tentamos no anterior Pleno que se tramitara de urxencia, coñecendo tamén os criterios arbitrarios do concepto de urxencia neste Pleno tampouco esperábase que se entendera a urxencia do problema que tiñamos enriba da mesa, a nós preocupábase naquela altura, non hai tanto, foi nun Pleno que realizamos hai escasamente 20 días, pero dicíamos que efectivamente o día 31 remataba un servizo concesionado importante na nosa cidade que se desenvolvía na Casa da Xuventude e preguntábase realmente que ía pasar a partires do día 31, dende o 31 ata hoxe pasaron eses 20 e pico de días que nos permiten facer, non unha aseveración, unha sospeita do que ía pasar, senón unha plasmación dunha realidade que se está dando coas políticas de información xuvenil, coas políticas de orientación de emprego, coas políticas de apoio aos mozos e mozas da nosa cidade e a pesares de que a concelleira anunciaba un plan de mocidade nesa cultura de "teremos un plan" que moitas veces non se concreta en nada real, a nós nos preocupando naquela altura e nos segue preocupando. Que pasa nesta cidade? Pois que había un servizo concesionado dende ao ano 2013 a través dunha empresa privada que facía un servizo nun edificio público, a nós nos gustan as concesións privadas? Non, pero tamén sabemos que nalgún momento decidiuse que non podíamos ter técnicos de información, funcionarios/as públicas, que non podíamos ter recursos de orientación xuvenil públicos, e decidiuse que iso se concesionaria de xeito privado, esa concesión rematou o 31 de agosto deste ano, unha concesión que empregaba a 6 traballadoras que realizaban servizos de todo tipo, incluso servizos que non eran necesariamente de orientación xuvenil, como pode ser a organización de andainas polo monte, de xente de idades diferentes, e ese servizo desapareceu sen que se nos diga primeiro, por que se extingue o

servizo, é dicir, por que non se quita a concurso que era un pouco o sentido desamoción naquela altura, pois en todo caso un servizo se concesiona, remata a concesión e se volve a quitar a concurso precisamente para que se sega dando o servizo, servizo que se da nun edificio público que a través desta fórmula permitía que estivera aberto tódalas tardes, que abriera os sábados e os domingos e que dende o 31 de agosto rematou a concesión a Casa da Xuventude está pechada polas tardes, momento de maior afluencia dos rapaces/as, que moitos deles aprenderon a socializar, a facer amigos, a crear asociacións culturais, a crear grupos de música, precisamente neses tempos de tarde na Casa da Xuventude, que desapareceron eses 6 postos de traballo que xeraban tamén un coñecemento algúns deles de 18 anos de servizo de orientación xuvenil, de buscar subvencións de todo tipo, europeas, estatais, relacionadas con políticas de axudas aos mozos/as, desaparece o servizo e levamos 20 días na que a cantidade de rapaces que gozaban desas actividades xa non o fan, e se nos di que hai tres funcionarios públicos, hai tres persoas que xa estaban alí naquela altura, pois ao que se adican é a a coller nun papel notas ou apuntar a xente ou dicir que no futuro váiselle a enviar un correo. Polo tanto, se nos dixo que ía haber unha solución, que o servizo non se ía interromper, que ía haber un funcionamento normal e é rotundamente falso, levamos 20 días sen ningún tipo de actividade de tarde, nin xestión, pasou o tempo, un servizo por exemplo, que se daba de axuda á solicitude de becas, xa non se fai, o Programa de Garantía Xuvenil estase derivando dunha maneira deficiente e logo tódalas cuestión que teñen que ver cun espazo de socialización xuvenil que desaparece, que dicimos nesta moción? Que se nos clarexe se se vai volver quitar o servizo, se o servizo vaise a remunicipalizar cousa que nós apoiaríamos, se o servizo vaise volver a sacar con outro nome precisamente para que as traballadoras perdan o dereito de subrogación que figura nos traballadores das concesións públicas, se vai aparecer outra empresa, outra idea, outra maneira de entender a política xuvenil que signifique tamén que as traballadoras perdan o dereito porque as traballadoras teñen agora mesmo por convenio un dereito de subrogación no caso de que eses servizos se volva a abrir, e sobre todo, porque temos precedentes neste Concello, e un dos precedentes foi Súbete ao Castro, se eliminou un servizo, as causas poden ser moitas, pero elimínouse un servizo cunha promesa de xerar outro análogo, se nos dixo que ía ser nese colector,

sumidoiro de recursos públicos que se chama o Auditorio Mar de Vigo, fixéronse dúas actividades cun resultado nefasto de participación xuvenil e non tivemos unha alternativa hoxe en día aos programas que se facían no Castro. Polo tanto, o que pedimos é saber a ciencia certa que se vai facer e obviamente antes de seis meses porque imos esixir o dereito ás traballadoras/es do servizo a poder volver a desenvolvelo con profesionalidade.

SR. GAGO BUGARÍN: A verdade é que cando un analiza cal é a xestión deste goberno municipal en relación a políticas de xuventude, pois enseguida dáse conta que os mozos para este goberno municipal DEP ou RIP, ou no idioma que queiran, é dicir, se vostedes analizan cando o Alcalde entrou no goberno e algún de vostedes que están aquí e a día de hoxe, doce anos máis tarde, ven as políticas que levaron a cabo en materia de xuventude é para botarse as mans á cabeza, voulle a relatar algúns dos programas máis importantes que se puxeron en marcha neste Concello de Vigo os últimos 20 ou 30 anos, primeiro as instalacións do Castro, cargáronse as instalacións do Castro, o Programa Súbete ao Castro, mentíronnos porque nos dixeron aos vigueses/as que iso o ían renovar, que o ían a reformular, que o ían a modernizar e que volverían outra vez a funcionar, e cargáronllo. Se falamos de asociacionismo xuvenil saben cantos cartos achegan vostedes para que os mozos da primeira cidade de Galicia desenvolvan proxectos de innovación, asociacionismo, proxectos sociais, 7.000 euros, iso é o que vostedes teñen presupostado, ano tras ano para que os mozos da primeira cidade de Galicia, que hai máis de 25.000, poidan desenvolver proxectos sociais na cidade e dos 7.000 euros vostedes só conceden 5.000 euros.

Por certo, xa que falan vostedes da Xunta de Galicia, pódolles dicir que cunha soa axuda repartida en calquera concello, e a calquera proxecto xuvenil da Xunta de Galicia no territorio da comunidade, só cunha axuda xa dan máis cartos do que dan vostede en toda a totalidade.

En relación ao emprego xuvenil, xa o denunciámos por activa e por pasiva, como é posible que o Alcalde, que o quere dar exemplo a tódolos alcaldes de España dea única e exclusivamente 100.000 euros para loitar contra o principal problema que ten a sociedade española que é a non tenencia de emprego para os mozos, como é posible que dos 230.000 millóns de euros que presumamos dende este goberno

municipal que hai superávit e só se destinan 100.000 euros para loita contra ese emprego xuvenil. En Noites Vivas, a maior actividade recoñecida en materia de xuventude desta cidade durante 10 anos foi o plan de ocio alternativo ao botellón, o Noites Vivas, cargáronllo, cal é a alternativa que lle propón este goberno municipal aos mozos para facer fronte a outro problema e a outra lacra social que é o botellón, cero, cargáronllo todo e para ser 100% veraz só lle digo que o único que funciona ben son as Acampadas de Inglés.

En relación á Casa da Xuventude, explicouno moi ben Marea de Vigo, nós denunciámos en diferentes ocasións que se estaban a cargar tamén a Casa da Xuventude, só había dous puntos de información xuvenil na cidade, o Punto Xove e a Casa da Xuventude, a maiores do Vigosónico, pois tamén a Casa da Xuventude agora resulta que a cargan, nós saímos o denunciámos, tamén faino a Marea de Vigo o mesmo día, hai que ser xustos, e que nos di o Alcalde de Vigo? Outra vez máis, que o van reformular, a modernizar e que o van de novo a quitar adiante, e é mentira, outra mentira máis, polo tanto, Sra. Blanco, vostede dentro de dous anos terá que facer balance das políticas de xuventude e terá que decidir e saír desta responsabilidade coa conciencia tranquila e eu creo que lle queda un ano e medio para facer o que non fixo durante estes tres anos e medio.

Voulle ser sincero, teño a sensación que non é unha cuestión súa, que é unha cuestión do Alcalde de Vigo que non lle importa os mozos, que lle dan absolutamente igual.

Mentres tanto nós seguiremos levando a Pleno mocións en materia de ámbito xuvenil e seguiremos denunciando e esixindo que se poñan en marcha planes de actividade xuvenil para os mozos da cidade.

SRA. BLANCO IGLESIAS: Sr. Rubén e Sr. Gago, o primeiro dicirlle a vostedes que están moi mal informados porque a Casa da Xuventude conta neste intre con 4 funcionarios e tres empresas que traballan alí, a empresa que leva a ludoteca, a de Síntome ben e a que leva o Horto Urbán. Por outra banda as andainas polo monte non se organizaron nunca dende alí.

Vexo tamén, que a vostede Sr. Pérez, fállalle información e a vostede Sr. Gago sobre a política integral deste goberno en materia de xuventude, así que voulle dar algunhas pinceladas para que vexan que a xuventude é prioritaria para este

Concello, coas bolsas de inglés este ano viaxarán 767 estudantes e o próximo 850 estudantes, cun orzamento dun 1,9 millóns de euros e dende o ano 2008 concedéronse 3.704 bolsas cun investimento de 8,2 millóns de euros, bolsas de libros e comedor? Case 5.000 bolsas cun orzamento 1,8 millóns, apoio ao deporte de base, 1,5 millóns de euros, escolas deportivas 5.000 prazas, cun orzamento de 300.000 euros, subvencións, liga de natación escolar, competicións deportivas varias, campamentos de verán con máis de 25.000 prazas no verán pasado, emprego xuvenil, quero dicirlle que a garantía de emprego xuvenil segue funcionando na Casa da Xuventude, e agora ademais o emprego xuvenil preocupa moito neste Concello e por iso ten varios programas sería bo que os coñecera, Vigo Emprega con 1,5 millóns de euros, reserva un 30% dos contratos para menores de 30 anos o que supón 75 persoas beneficiadas este ano, Plan de Emprego Xuvenil con 100.000 euros subvenciona 28 empresas para contratar a 31 mozos, dos que 15 foron contratos indefinidos, Formaweb con 140.000 euros é un proxecto formativo na concepción de páxinas web dirixido a mellorar empregabilidade, cualificación e inserción profesional da mocidade, 15 persoas beneficiadas, programa Vigo Emprega e a Mocidade 1.050.000 euros, 165 persoas beneficiarias menores de 30 anos con itinerarios formativos adaptados a cada unha, pero no apartado de formación e cultura temos moitos talleres e espectáculos coa xuventude e para a xuventude, imposible facer un relato completo, voulles dar algúns exemplos, VigoSónico onde ensaian 100 grupos musicais, xa editamos tres discos e estamos preparando o cuarto disco, ademais eles mesmos foron protagonistas de concertos na Porta do Sol, nas festa de verán, nas que gran parte da programación é para a mocidade a isto hai que engadirlle as festas cíclicas, os maíos, magostos, San Maín, Cantar aos Reis, o día 24 de febreiro Rosalía en Verso, o día 12 de maio a quedade literaria, e nas escolas municipais utilizamos dous millóns de euros, en Artes e Oficios 1,2, millóns de euros, teatro municipal 92.000 euros, música 395.000 euros, música tradicional 218.000 euros e danza 134.000 euros, pero tamén traballamos pola igualdade coa xuventude, programa Camiña Con Nós Pola Igualdade en 55 centros de ensino con 4.500 participantes, estudantes de infantil e primaria, e para alumnos de secundaria fixemos talleres sobre ciberviolencia sexual con 3.300 estudantes, Conectamos Ben, con 2.600 estudantes, deportistas pola igualdade 2.000 estudantes, pero tamén facemos

unha exposición itinerante á “violencia na xuventude” nos centros con 12.500 estudantes, o programa Enlaza Vigo con 10.703 estudantes, teño dúas follas máis pero vexo que me falla moi pouco tempo, entón despois pásolle o resto da programación pero o que quería rematar era dicíndolle que o que máis me sorprende Sr. Pérez é o seu interese polo contrato dunha empresa privada que rematou o seu cometido co Concello, tendo en conta a Marea de Vigo é campioa en defender a remunicipalización dos servizos que é o que estamos a facer, e para que todos queden tranquilos anúnciolles xa que en breve estará aberto tamén polas tardes e que non se vai perder ningún dos servizos e non se vai contratar outra empresa, simplemente remunicipálzase o servizo porque nos parece que é o mellor.

SR. PÉREZ CORREA: Nós temos problemas con tódalas empresas que están xestionando os servizos públicos privatizados por vostedes durante os anos de goberno e polo Partido Popular durante os anos de goberno, claro que temos problemas, temos problemas coa entrada en barrena dos servizos públicos dende que vostedes buscaron o sistema de meter empresas a xestionar os servizos públicos, claro que si, pero que agora temos unha realidade, e que vostedes aínda que quixeran non poderían quitar unha oferta pública para seis orientadores xuvenís, para persoal que puidera facer esa función entre outras cousas por un señor que se chama Montoro e por un criterio de reposición de traballadores públicos que non vai permitir que persoas cualificadas, técnicos de inserción laboral xuvenil, persoas que teñan esa capacidade, poidan contratalas de golpe, polo tanto, non é unha remunicipalización, se vostedes queren remunicipalizar un servizo que saiban que o cadro de persoal non perde o dereito de subrogación, que é o que estamos a discutir nós, a nós empresa danos igual o que nos preocupa son as seis traballadoras cunha experiencia importante, cunha xestión en réxime practicamente de vontade propia, porque incluso para vostedes a Casa da Xuventude era unha grande descoñecida do mapa administrativo de Vigo, que esas traballadoras independentemente do servizo, que vostedes decidan remunicipalizalo, fagan vostedes unha empresa pública, aquí terán o apoio da Marea de Vigo pero que o dereito desas 6 persoas que vostedes no cómputo histórico do Partido Popular e o Partido Socialista gobernando nesta cidade,

decidiron que ese servizo non se podía xestionar dende a administración pública, polo tanto, non se trata da defensa dunha empresa privada porque logo veremos que empresas aparecen, eu quero saber que empresas aparecen a xestionar, se me di que non é ningunha empresa, pero tampouco me vale os contratos menores, tampouco me vale que vostede me diga “non, isto xa está remunicipalizado” e logo o 90% dos servizos fanse a través dos contratos menores con adxudicación directa porque xa sabemos o que hai tamén, xa sabemos co que se substituíu o Súbete ao Castro e que empresas de xestión cultural apareceron da noite a mañá a levar iso. Polo tanto, se vai ser 100% público con funcionarios, traballadoras públicas e coa posibilidade de crear unha empresa municipal pública que subroga o dereito desas traballadoras. Estamos a falar de puntos de información xuvenil, vostede me pode poñer 50.000 programas pero que nós temos que ter unha oficina de información xuvenil metida na rede autonómica porque ao mellor vostedes teñen que dar de baixo a OMIX no momento no que non o poden atender porque hai unha carta de información xuvenil que este Concello debe asumir e que a carta xuvenil tamén di que ten que haber un persoal cualificado, un horario de atención e que ten que haber recursos de orientación laboral, hoxe en día non hai, non hai ninguén que poida ir á Casa da Xuventude, non hai ningún rapaz que poida tramitar unha beca, que poida orientarse laboralmente porque o servizo foi exterminado.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)

VOTACIÓN: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e trece votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 21.09.2017 (Rex. Nº 1615/1101), polo voceiro do grupo municipal Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

9(153).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A DESTINAR UNHA PARTIDA ORZAMENTARIA PARA PROMOVER A INICIATIVA E DIFUSIÓN QUE POÑA DE RELEVO A EXCEPCIONAL IMPORTANCIA DO PERGAMIÑO VINDEL E A SÚA PRESENZA NA CIDADE. REXISTRO PLENO 1624/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de setembro de 2017, número 1624/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A próxima semana regresará a Vigo o pergamiño Vindel, unha xoia da lírica medieval galego-portuguesa que se encontra desde hai décadas na Morgan Library de Nova York, e que se exhibirá entre os meses de outubro de 2017 e marzo de 2018 no Museo do Mar de Galicia.

O pergamiño constitúe un dos máximos expoñentes da cultura peninsular, conformado por sete cantigas de amigo do xograr Martín Códax datadas entre finais do século XIII e inicios do XIV.

Malia que as composicións se recolleron tamén noutros códices da tradición lírica trobadoresca galego-portuguesa, a singularidade do pergamiño radica na notación musical que acompaña seis das sete cantigas, o cal ofrece unha información realmente valiosa sobre este legado literario composto para ser cantado.

O valor deste tesouro bibliográfico e musical outórgalle a este acontecemento unha importancia excepcional, que atraerá público interesado, tanto de dentro como de fóra da península Ibérica, e que contribuirá a situar a cultura galega nun lugar destacado durante os próximos meses.

Temos escoitado por parte do goberno municipal de Vigo moitas afirmacións sobre a colaboración no traslado e a estadía do Pergamiño en Vigo, pero nunca se materializou ningunha acción, nin se aportaron os cartos nin houbo vontade para facelo.

Polo tanto a cidade veuse enganada e podemos afirmar que o Goberno Municipal de Vigo deulle as costas ata o de agora ao Pergamiño.

Dada a relevancia que supón o regreso a Galicia do pergamiño Vindel, e recoñecendo os esforzos persoais e económicos da Universidade de Vigo e da Consellería de Cultura, o Grupo municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

“Instar ao Goberno municipal de Vigo a destinar unha partida orzamentaria para promover unha programación ampla e diversa de iniciativa e difusión que poña de relevo a excepcional importancia do pergamiño e a súa presenza na cidade”

DEBATE:

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Comezamos este Pleno dicindo que o pergamiño Vindel xa está en Vigo, a verdade é que temos que facer unha labor un pouco didáctica e logo explicarei por que ese desleixo do goberno municipal en materia de cultura neste punto, pero a verdade é que o pergamiño Vindel é a testemuña física que podemos ter en Vigo do século XIII e XIV de Martín Códax, é dicir, do seu puño e letra escribiu as Onda de Mar de Vigo nun pergamiño que hoxe está aquí, esta na cidade de Vigo, que nunca o vimos os vigueses nesta cidade, que se escribiu diante da ría, que se escribiu co sentimento que hoxe todos herdamos, que falamos de Martín Codax e que ademais empregamos eses versos para falar da cidade que leva o nome de Vigo polo mundo adiante e este goberno municipal mirando para outra parte, e que parece mentira, eu quero facer un pouco de memoria porque isto foi un cúmulo de circunstancias persoais, políticas e liortas que si, que non, que unha cousa que outra, mesturáronse tantos problemas polo medio que parece mentira que hoxe o pergamiño estea en Vigo e que o goberno municipal déralle as costas.

No ano 2014 o concelleiro do Partido Popular o Sr. Roberto Relova, ademais cunha sensibilidade especial pola cultura e cunha redacción especial nesta moción, pedía exactamente que o goberno municipal prestara atención, fixera unha labor didáctica en Vigo para que coñecéramos todos, os nenos tamén, para que a cidade

soubera da importancia deste pergamiño, porque ultimamente estamos a ler informacións pero isto tiñamos que estar xa empapados un pouco do que realmente vai ser, porque un pergamiño fisicamente quizais non poida ter a atracción que podería ter calquera outra infraestrutura, escultura grande ou novidade pero si é verdade que o interese e o valor é incalculable.

Pedíamos xa no ano 2014, cando se cumprían 100 anos do descubrimento do pergamiño Vindel, que ademais foi por casualidade, un bibliotecario descubriu o pergamiño por casualidade dentro dun libro, deu moitas voltas, estivo en Suecia, en Londres e finalmente agora esta en Nova York xunto con outros documentos clásicos e medievais. Este testemuño da nosa lingua, da cultura trobadoresca, galaico-portuguesa do século XIII, insisto, no que está xa o nome da ondas do mar de Vigo, ese documento está aquí.

A moción presentámola o 14 de abril do 2014 e insisto, o texto era moi similar, dicíamos que pedíamos que se insistira na labor didáctica na cidade deste tema, e aprobámolo por unanimidade o Bloque Nacionalista Galego, o Partido Popular e o Partido Socialista, que pasa? Que estamos no ano 2017 e insisto, mirade que pasa con isto, que a verdade despois houbo unha serie de desavenencias, hoxe non está o Sr. Rodríguez Escudero, é unha mágoa que non estea porque eu sei que o Sr. Rodríguez Escudero si que tiña vontade de que isto saíra adiante, de que o pergamiño Vindel estivera en Vigo no ano 2014 pero ten unha xerarquía política, unha persoa o un Alcalde que por desavenencias tivo que enredar todo e a verdade é que non foi como se prevía.

Nun principio tiñamos pensado nesta cidade que o pergamiño estivera no museo Marco, tiñamos todo preparado para que a exposición fora da man da universidade, dos particulares, das persoas que o defenden, os estudosos dese pergamiño e do propio Concello, precisamente o Museo Marco, as desavenencias, a partida económica que é o que hoxe pedimos deste Concello, cun orzamento e cunhas contas saneadas das que tanto presumen, nin un euro nin para o traslado, para o mantemento no Museo Municipal Marco de Vigo. Que pasa? Que vostedes poden dicir o que queiran pero aquí hai unha administración autonómica e unha Universidade que estiveron traballando para non perder esta oportunidade e grazas ao esforzo económico e persoal da Xunta de Galicia e da Universidade de Vigo, o pergamiño Vindel está no museo Mar de Vigo para que poidan contemplar

non só os vigueses/as que é fundamental senón tamén tódolos que queiran achegarse de diferentes puntos, está mirando ao mar de Vigo que leva inscrito dende o século XIII e a nós parécenos un agravio absoluto, iso de darlle as costas totalmente á cultura e a historia desta cidade e polo tanto, pedimos que xa de urxencia, porque xa está aquí o pergamiño, fagan, por favor, unha partida específica e actividades específicas para honrar, para difundir, para informar sobre este pergamiño, porque digo unha cousa, hai outras cidades que por menos xa terían marquesiñas, banderíns, anuncios e xa terían informado e sobre todo facer unha labor didáctica nos colexios para que soubéramos da nosa historia, que moito din por fora que non temos historia en Vigo, isto é unha testemuña do século XIII, insisto, da historia real de Vigo.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: A solicitude que presenta o Partido Popular é correcta, se non coñeceramos o interese real que ten o Partido Popular en promocionar a cultura galega, poderían enganarnos, máis é certo neste caso que o Concello de Vigo estivo desinteresado ante a chegada dun documento que é unha xoia da cultura universal, non ten sentido que a primeira institución municipal se desentenda case totalmente das actividades feitas a prol da difusión e recoñecemento da importancia das Cantigas de Martín Códax en particular e da lírica medieval galega en xeral. Esta é unha ocasión para poñer en valor a importancia da formación da conformación da literatura galega en lingua galega, polo tanto, non se trata de valorar o pergamiño Vindel como unha peza illada dun contexto, por iso a Marea de Vigo defende que o Concello ten que involucrarse na difusión e divulgación desta obra de arte universal, de extensa importancia tanto polo texto da creación literaria como pola anotación musical. Unha peza única no mundo que é visitada por moitas persoas na The Morgan Library e que xera o interese de toda persoa culta. Esta peza leva o nome escrito de Vigo en varios versos e dende hai máis de 700 anos, é un dos documentos que máis populariza a nosa cidade e que manifesta a existencia dunha comunidade creativa, expresión da cultura galega e en galego, en definitiva o Concello ten a obriga ética no eido cultural ante o Vindel, e unha obriga institucional ante o Vindel, pois este estará na nosa cidade no lugar que se cita nas cantigas e que lembran ao mundo que en Vigo faise arte dende hai séculos, arte en lingua galega para todo o mundo.

Con respecto á Xunta de Galicia, gustaríanos saber cales son actividades organizadas arredor do Vindel, por que a web non está en funcionamento? Que tipo de actividades teñen programadas? Para cando e onde? Porque a chegada do Vindel debería provocar a organización de actos antes da súa chegada para explicar e difundir entre o pobo a xoia cultural que imos recibir, pero aquí non se ve nada diso, que deseño de accións e de colaboracións teñen pensado cos concellos da ría de Vigo e en particular con Vigo que é a verdadeira protagonista? Non se trata de poñer no museo a peza senón de levarlle a xente con obradoiros, conferencias, difusión, etc. as Cantigas e todo o monumento cultural que foi a lírica medieval galega.

Por último o Partido Popular podería ser consecuente coa aparente relevancia e importancia que lle outorgan ao pergamiño Vindel grazas á Universidade de Vigo, as Cantigas de Martín Códax e o Cancioneiro pero logo fan o mínimo esforzo pola promoción da lingua galega, nin tan sequera a falan nos Plenos, nin lles interesa a normalización e fan como fixeron no pasado todo o posible para que o galego sega subordinado a outra lingua, que sexa unha lingua minorizada e que o proceso de substitución lingüística avance a ritmo acelerado, por iso señores do Partido Popular non lle cremos nada do que din.

SR. LÓPEZ FONT: A verdade é que é moi difícil crer ao Partido Popular, a verdade Sra. Egerique parece que trouxo vostede o pergamiño, parece que foi a Nueva York, que o trouxo, depositou e que imos ter a opción de velo mirando ao mar, déixense de patrimonializar as cousas, de crear insidias, de que se temos unha opinión e outra porque o Sr. Relova tería unha gran sensibilidade artística pero vostedes o fulminaron das listas, co cal deberon de soltar o tema do lastre da sensibilidade artística.

Sra. Egerique, a pregunta é onde está a a partida da Xunta de Galicia para estes seis meses relacionados coa presenza do pergamiño de Vindel na cidade? Onde está partida da Xunta de Galicia, porque para as fotos vaise a reservar agora e a Xunta para as fotos é para o único que estivo aquí, e para patrimonializar a chegada deste pergamiño. Mire, a versión é totalmente diferente, cando vostede fala de dar as costas ao pergamiño Vindel, o único que hai en relación con isto é o veto que a Xunta de Galicia mantivo a este Concello, a historia que vostede conta

entre onde se vai depositar finalmente e por que non no Marco, é culpa súa, si, culpa da Xunta de Galicia, perfectamente porque este Concello mantén a máxima colaboración coa Universidade de Vigo, a Universidade de Vigo é o auténtico protagonista desta situación na que estamos e vostedes o único que trataron é de patrimonializar isto, e non o digo eu, que tamén, isto naceu mal, tivo un mal comezo e dino persoas independentes en artigos que seguro que vostede non leu pero que debería ter lido porque elixiron o lugar equivocado, e saben porque escolleron o Museo do Mar en contra do Museo Marco? Por unha sinxela razón, porque vostedes tratan de identificar Museo do Mar coa Xunta de Galicia e Museo Marco con Concello de Vigo e precisamente por iso vostede estiveron en contra. Polo tanto, é o lugar equivocado e seguro que pretendendo que estivera en contra do Concello de Vigo.

Mire, pola nosa parte, parece mentira que non lembre que no 2014 fixemos moitas actividades con motivo do centenario, non vou a entrar nas moitas cousas que fixemos pero entre elas publicacións e non se fixo absolutamente nada por parte da Xunta de Galicia, e ademais asegúrolle que nestes seis meses haberá moita acción cultural en relación coa presenza do pergamiño Vindel na nosa cidade, como xa fixemos no centenario do 2014 con concertos, con publicacións, moita máis iniciativa que a Xunta de Galicia que é a que debera centralizar absolutamente todo.

Polo tanto, a conclusión é moi sinxela e como sempre, vostede pretenden fotos, patrimonializar, porque non hai ningunha partida da Xunta de Galicia porque acábao de dicir a concelleira de Marea de Vigo, non hai unha programación dada a importancia que vostedes lle dan a este acontecemento que para nós tamén a ten e por iso imos imprimir a facer moita acción cultural, e dende a Xunta de Galicia non o teñen, aquí o importante foi aproveitar esta situación para boicotear de novo ao Concello de Vigo, e isto é o que saben facer vostedes e vostedes en dous anos case e medio que levamos, ao único que se dedican é a traer mocións aquí para cargar aos cidadáns de Vigo e ao seu Orzamento con accións que deberían levar outras administracións, por que non se lle ocorreu nesta moción tamén engadir que destinase unha partida a Xunta de Galicia, que non a hai, ou o goberno central, dada a importancia que vostede lle deu a isto.

Polo tanto, é un patrimonio dos galegos, é un protagonismo de Vigo este pergamiño e vostedes non van a patrimonializar absolutamente nada porque de verdade os protagonistas son os galegos e os vigueses e vostedes con isto, como con todo o único que pretenderon facer é política en contra deste goberno.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Por suposto que os protagonistas son os galegos, os vigueses, e por fin, grazas ás administracións van ter o pergamiño Vindel en Vigo. Fotos, busque fotos porque cada unha foto nosa, mil fotos súas ao Alcalde só para comezar. Diríxase a min como se eu fora a culpable ou como se eu fora a Xunta de Galicia, eu son concelleira de Vigo, defendo os intereses de Vigo e paréceme unha mágoa absoluta e unha aberración absoluta que o goberno municipal de Vigo non apoie e non teña destinada ningunha actividade para o pergamiño Vindel que volve a Vigo, insisto, a importancia temos que transmitila nós como gobernantes e como persoas responsables que estamos comprometidas coa cidade, dáme igual que vostede diga da Xunta de Galicia que é, que non é, que pon partida, que non pon partida, aquí hai uns cartos que se necesitan para manter un pergamiño dunha calidade excepcional e están postos por parte da Universidade de Vigo e da Xunta de Galicia, pode poñer como lle dea a gaña, o Museo do Mar é un museo de titularidade autonómica e o Museo Marco é de titularidade municipal, non sei se quere vostede que empecemos aquí coas competencias duns e doutros, é que a realidade é esa, non é por darlle maior relevancia ou menos, é que é así, Sr. Font, é que o Museo Municipal Marco de Vigo pechoulle as portas ao pergamiño Vindel, e está na nosa man e no noso traballo invisible, porque insisto, busque unha foto miña ou unha foto nosa e busque fotos súas, porque eu creo que vai ter máis facilidade en atopalas súas.

Entón, a min paréceme unha mágoa que vostede teña esta defensa, cando nós non estamos atacando nada, cando estamos a pedir que a cidade se implique, porque a min como concelleira de Vigo e a tódolos membros do Partido Popular, os concelleiros, os que están e os que estiveron porque o propio Sr. Relova está tamén implicado e comprometido co pergamiño Vindel, maila que hoxe non estea sentado aquí e como el moitos cidadáns de Vigo, nos somos unha parte, representamos unha parte da cidade. Polo tanto, o que me parece totalmente impresentable é que vostede nos estea vencellando todo o rato en calquera caso

cousa Xunta de Galicia cando neste caso estamos como concelleiros, ademais vostede di aquí que naceu mal, non naceu mal, naceu por unanimidade no Pleno municipal de Vigo, foi o que mellor naceu das propias iniciativas que facemos aquí, naceu por unanimidade no Pleno municipal do Concello de Vigo, non ano 2014, o 16 de abril do 2014 o Pleno municipal de Vigo díxolle a Morgan Library, “queremos o pergamiño Vindel e queremos que Vigo sexa a capital medieval da cultura galaico-portuguesa” e hoxe o Concello de Vigo dálle as costas, fáleme do que lle dea a gaña, da Universidade, da Xunta de Galicia, duns e doutros e dos cartos, os cartos cos que se trae o Vindel a Vigo son da Xunta de Galicia e son da Universidade de Vigo, de tódolos galegos por suposto, de tódolos vigueses, por suposto pero implíquense por favor, Sr. Font.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)

VOTACIÓN: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e trece votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.09.2017 (Rex. Nº 1624/1101), pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

8(152).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A REFORZAR O SERVIZO DE AUTOBÚS URBANO AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO, INCREMENTAR AS FRECUENCIAS EN HORA PUNTA, AMPLIAR HORARIOS E A HABILITAR NOVAS LIÑAS. REXISTRO PLENO 1623/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de setembro de 2017, número 1623/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Hospital Público Álvaro Cunqueiro tense convertido, desde a súa posta en marcha, na maior obra pública feita en Galicia no ámbito sanitario. Un complexo no que traballan 4.145 empregados públicos e que da servizo a 600.000 habitantes da Área Metropolitana de Vigo.

Estamos a falar dun Hospital que conta con dotación tecnolóxica de vangarda para diagnóstico e tratamento; con 24 quirófanos; coas UCIS máis punteiras de Galicia; con preto de 1.500 camas; e coa mellor área de urxencias de Galicia.

Trátase, polo tanto, dun dos hospitais máis modernos e grandes de Europa, con 280.000 metros cadrados de superficie que se edificaron alá onde o Concello estimou convinte como recollía o Plan Xeral.

Neste sentido, chama poderosamente a atención a falta de servizos públicos municipais arredor do hospital, como se pode apreciar no caso concreto das liñas de autobús urbano.

Desde este grupo levamos tempo denunciando a necesidade de reforzar este transporte, posto que non pode ser, por exemplo, que desde as parroquias de Vigo se tarde máis dunha hora en chegar ata o Álvaro Cunqueiro en Vitrasa.

Esta falta de servizos é tamén extensible aos traballadores do Hospital, que veñen de presentar un escrito no Concello no que solicitan o reforzo das liñas de autobús urbano.

Neste marco, é absolutamente imprescindible que o goberno municipal ofrezca dunha vez un transporte público que atenda as necesidades reais dun hospital polo que pasan diariamente unhas 10.000 persoas. Non en van, e como recolle o propio escrito presentado por estes profesionais sanitarias, “hai zonas da cidade totalmente desprotexidas deste transporte ao hospital como son Coia, Navia, Balaídos, Teis, Travesía de Vigo, Sanjurjo Badía, Martínez Garrido ou Genaro de la

Fuente”.

Por todo o exposto, o Grupo municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

- Instar ao Goberno municipal a reforzar, con carácter xeral, o servizo de autobús urbano ao Hospital Álvaro Cunqueiro.
- Instar ao Goberno municipal a incrementar frecuencias en hora punta, ampliar horarios e habilitar novas liñas de Vitrasa para atender as necesidades dos traballadores.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Hoxe traemos aquí esta moción porque queremos falar novamente do Hospital Público Álvaro Cunqueiro, porque queremos falar novamente e é necesario cada vez máis, dos servizos municipais que non ten desgraciadamente o hospital Álvaro Cunqueiro porque ao hospital dende este goberno municipal se lle boicoteou dende o minuto un, decidiuse boicotear a gran infraestrutura sanitaria, a mellor infraestrutura sanitaria que se fillo non só en Galicia senón en España nos últimos anos, dende o minuto un decidiuse que como o facía a Xunta de Galicia e o Partido Popular había que opoñerse si ou si, con mentiras, con falsidades, asustando á tódolos vigueses/as co hospital, en definitiva, recorrendo á peor forma de facer política que existe, que é a de utilizar ás persoas, utilizar á sanidade pública única e exclusivamente por motivos políticos, pero a pesares dese goberno municipal, a pesares das mentiras constantes, o hospital Álvaro Cunqueiro a día de hoxe xa é unha realidade na que traballan 4.000 profesionais tódolos días, que se atende a un área de case 600.000 pacientes na que se está a traballar día a día por mellorar a sanidade pública de tódolos vigueses/as, que ten unha dotación tecnolóxica de vangarda, que se investiron 40 millóns en dotación tecnolóxica para o hospital, que ten 24 quirófanos fronte ao 14 que antes había, que ten UCIs punteiras, que ten 1.465 camas, que ten un laboratorio, si señores do goberno municipal, un laboratorio para atender as necesidades do hospital, que neste momento temos unha infraestrutura que multiplica por cinco o que tiñamos antes e que en definitiva se mellorou dunha forma excepcional a infraestrutura sanitaria da nosa cidade e que

ten que seguir camiñando e que ten que seguir mellorando, iso sen dúbida, nos próximo anos e farao gracias ao esforzo de todos e a pesares deste goberno municipal e do Sr. Alcalde.

Un hospital que ocupa 280.000 metros cadrados e que está nas parroquias de Beade e de Valladares e un hospital está onde exactamente este goberno municipal e onde o Sr. Alcalde de Vigo que leva todo o Pleno ausente como está ausente dos problemas reais que ten esta cidade, que está exactamente onde vostedes quixeron porque vostedes puxeron segundo o Plan Xeral do 2008 ao hospital Álvaro Cunqueiro onde está construído neste momento.

Polo tanto as escusas da distancia non nos serven para non dotar de servizos suficientes, e que nos atopamos dous anos despois de abrir o hospital? Atopámonos con que o boicot continúa, atopámonos con que hai uns servizos municipais absolutamente deficientes, cun aparcadoiro municipal gratuíto que aínda esta por construír e xa nolo prometeron hai case dous anos e xa tiña que estar feito, cuns accesos absolutamente lamentables, cunha rúa Clara Campoamor que tiñan que visitala tódolos días para ver o estado na que está, que non ten beirarrúas, que non ten nin luz e chegamos xa a estrela que é o transporte público ao hospital é absolutamente lamentable e non o di este grupo municipal, eu invítoos a que escoiten aos vigueses, por unha vez aínda que sexa por unha soa vez, que escoiten aos vigueses o que están a dicir e que escoiten aos profesionais que están día a día no hospital Álvaro Cunqueiro, é unha vergoña o transporte público que temos a día de hoxe ao hospital e un transporte terceiro mundista, é un transporte que obriga a persoas que van ao hospital a consultarse enfermas e tardar máis dunha hora en chegar ao hospital, é un transporte que non lle da servizo aos traballadores sanitarios que están alí, e a súa resposta cal é? E seguir mantendo o deterioro, e seguir culpando á Xunta de Galicia, é seguir lanzando balóns fora, como sempre e non facer a súa propia responsabilidade que é dotar de servizos municipais, tódolos traballadores do Álvaro Cunqueiro necesitan un servizo público municipal para chegar ao Álvaro Cunqueiro, iso é o que necesitan os traballadores, iso é o que necesitan os vigueses/as e iso é desgraciadamente o que non obteñen de vostedes. Por iso presentamos esta moción, con ánimo construtivo para que de verdade escoiten as necesidades que hai e de verdade poñan medios para emendar unha deficiencia que xa está durando demasiado

tempo e que están a pagar desgraciadamente os vigueses e os traballadores públicos do hospital.

SR. PÉREZ CORREA: A ver, nós como di a canción temos o corazón partido nesta moción porque hai unha parte previa, a exposición de motivos que para nós é infumable, aquí se defende un modelo de xestión hospitalario absolutamente infumable e que nós non estamos de acordo. Logo hai algunhas cuestións, estamos de acordo, claro, tódolos traballadores teñen que ter facilidades en accesibilidade aos seus postos e traballo, especialmente os traballadores públicos e especialmente os traballadores sanitarios por ser un servizo público esencial, pero vostede mesma propoñía unha cuestión, que transporte público? Todo é transporte público o que pasa é que hai transporte público urbano e interurbano, do transporte público urbano terá responsabilidade Vigo como cidade de máis de 50.000 habitantes, efectivamente, Vitrasa ten unha responsabilidade no transporte urbano, e no transporte que se produce entre municipios diferentes a responsabilidade é da Xunta de Galicia por iso nós propoñemos un engadido á moción, eu instaría a Vitrasa por suposto, e que reforzara e que se puxeran tódalas liñas, pero nós pedimos tamén que se inste á Xunta de Galicia a que na corresponsabilidade naquelas cuestións son exclusivamente competencia da Xunta de Galicia, que leve adiante tamén ese reforzo, esa mellora do servizo, por que o dicimos? Porque aquí hai un problema herdado dunha mala planificación dun hospital, porque foron os traballadores/as que tiveron que crear unha asociación cultural recreativa, deportiva, unha asociación de traballadores/as, pagar unha cota para buscar unha empresa que lle facilitara chegar a tempo aos seus postos de traballo, foron os propios traballadores os que nin Xunta de Galicia nin Concello de Vigo tiveron que facer, levar adiante, asinar un contrato cunha empresa privada que garanta o transporte, empresa privada que como toda empresa privada ten afán de lucro e lle pide un número mínimo de traslados, obviamente o transporte se encarece e a empresa privada de maneira unilateral cando remata ese contrato privado, pois ao mellor decide non seguir adiante con ese servizo porque obviamente os traballadores non van estar pagando de maneira autoxestionada a concreción de nove liñas. Eu felicitar aos traballadores que foron capaces de chegar a un acordo, habilitar nove liñas, algunhas urbanas e outras interurbanas, e

polo tanto, é unha anomalía que un centro hospitalario que emprega miles de traballadores, teñan que ser os propios traballadores os que xestionen ese transporte, si isto fora Citroën xa tiña autobuses por tódolos lados, como se hai que facer unha circunvalación, pero estamos a falar de traballadores públicos sanitarios que levan sufrido nestes anos de recortes bastantes cousas peores que só exclusivamente a cuestións do transporte.

Polo tanto, nós instamos a que como administracións civilizadas o Concello de Vigo e a Xunta de Galicia convenien, poñan as dúas administracións a súa parte, a Xunta de Galicia do que veña de Salvaterra, de Arcade, de A Garda, de Baiona e o Concello de Vigo que transcorra no termo municipal de Vigo, xa sei que parece unha loucura porque non fomos capaces nin de conveniar un transporte ao Aeroporto entre as dúas administracións, xa sei que é difícil porque non somos capaces de conveniar nin a cousa mínima como pode ser un pergamiño do século XIII e a súa exposición pública. Pero o transporte público se lle mentimos a xente e lle dicimos que o transporte público é só competencia do Concello de Vigo, o transporte público ten dous ámbitos de competencia, o interurbano e o urbano, e si que estamos de acordo que hai que presionar a Vitrasa, pero lembrar unha cousa, un traballador de Mos que queira coller o Vitrasa para ir ao hospital vanlle calcar un euro e trinta e pico céntimos, porque non vai poder ter acceso á tarxeta verde por non estar censado nesta cidade, porque tamén nos falla unha cousa que era o transporte metropolitano, era un fillo común, pero entre todos decidimos facer case a morte infantil do noso fillo, era froito do amor dos grupos municipais se fixemos unha área metropolitana, pero cando tiñamos que solventar isto, que non era nin para a Xunta de Galicia nin para o Concello de Vigo senón era para o conxunto dos traballadores, nin Xunta de Galicia nin Concello de Vigo, quixeron levar adiante a Área Metropolitana e os agraviados son precisamente os traballadores/as que poderían ter un transporte metropolitano ao mesmo prezo.

Polo tanto, teñen que entenderse, non lle queda outro remedio porque hai transporte obviamente que estes propios traballadores tiñan xestionado onde concellos non aplica nin sequera chega alí Vitrasa por competencia territorial. Polo tanto, nós pedimos que se inclúa esa emenda e instamos ás dúas administracións a que cada unha asuma a súa parte de responsabilidade, posiblemente non ano 2014 cando o Partido Popular e o Partido Socialista pactaron a través dos

orzamentos darlle a cometida eléctrica, darlle a saída ao hospital de Vigo, cando estes pactaron dar adiante ao hospital, ao mellor neses orzamentos había que meter algo algo, que era o transporte das traballadoras/es que curiosamente quedou esquecido.

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: Quero dar en primeiro lugar, a benvinda aos traballadores aquí do Álvaro Cunqueiro, nos reunimos con eles e sabemos o problema que neste momento teñen enriba da mesa, e creo que fun moi clara cando falei con eles, como quero ser clara neste Pleno. No seu momento están aquí porque agora mesmo esta empresa que é privada coa cal existía un contrato, polo cal o Sergas achegaba unha cantidade de 350 euros ao día para cada unha das rutas, deixa de prestarse e unilateralmente por parte desta empresa, é moi certo e teño aquí o contrato asinado, é un contrato asinado entre a empresa privada e o Sergas polo cal se achegaba a cada unha das rutas 350 euros, reitero, polo que se entregaban 350 euros ao día para cada unha das rutas para favorecer o transporte a cada un destes traballadores ata o hospital. Neste contrato, é un contrato de transporte regular de uso especial de traballadores, se recollían catro rutas, algunhas delas dentro do termo municipal de Vigo, pero é certo que a maioría delas viñan dende Arcade-Redondela, Salvaterra-Pontearreas, A Garda-Rosal, Baiona-Ramalloso, e todo este servizo deixárase de prestar, polo tanto, o que pedimos aquí é que se enfoque ben cara a quen lle temos que pedir este transporte dos traballadores, ao fin e ao cabo é a Xunta de Galicia e eu quero lembrar a que ten que garantir que estes traballadores poidan acceder ao posto de traballo. Só quero lembrar que é o que pasa na Universidade de Vigo, hai un transporte específico para os traballadores que acoden á Universidade, así de sinxelo, un transporte específico para que os traballadores da Universidade poidan acceder ao seu centro de traballo, pero a maiores teñen un aparcadoiro gratuíto porque tamén é certo que debemos ter en conta aquí o caos existente neste momento no Álvaro Cunqueiro, non só porque temos un aparcadoiro, os dous aparcadoiros que son privados senón que ademais temos un verdadeiro caos á hora de orientar o tráfico a eses dous aparcadoiros, por que? Porque tódalas vías están orientadas ao aparcadoiro, e de feito, a primeiras horas da mañá a a últimas e xeralmente cando temos a afluencia dos traballadores do Álvaro Cunqueiro ao hospital co que nos atopamos son con

atascos quilométricos, nalgúns casos alcanzan máis alá da rotonda, polo tanto tamén debemos ser sensatos e deberíamos estar pedindo aquí aparcadoiros que sexan gratuítos, pero a maiores tal vez deberíamos estar a pedir neste Pleno, que as dúas parcelas que se atopan anexas á rotonda no hospital se abran porque teñen usos específicos para aparcadoiros, polo tanto, por que non están neste momento abertas esas parcelas ou por que non temos un aparcadoiro gratuíto? Ou por que por exemplo, non se recupera ese contrato e hoxe non teríamos ese problema enriba da mesa para os traballadores?.

Falei cos traballadores, si e dixemos que dende o Concello ímolos apoiar, por suposto que os imos apoiar, pero tamén debemos orientar cara a quen debemos pedir a responsabilidade, e a responsabilidade na súa maior parte é do Sergas, da Xunta de Galicia e do Sr. Feijóo. Reitero, por parte do Concello imos apoiar a estes traballadores, faremos todo o posible dentro das nosas capacidades de que estes traballadores non se queden sen transporte, que poidan chegar ao Álvaro Cunqueiro, ese é o noso obxectivo, e como eles saben ademais da disposición de liñas que neste momento contamos, que reitero supón para o Concello cerca dun custe de tódalas que van ao Álvaro Cunqueiro, superior aos 600.000 euros que se está a transportar preto 1.000.000 persoas ao ano, polo tanto, temos un moi bo transporte ao Álvaro Cunqueiro por parte do Concello.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sra. Marra, o primeiro que hai que facer cando se ven a un Pleno a falar dun tema tan importante como este é traelo preparado, e dende logo non coller un contrato e dicir que o Sergas pon 350 euros por iso é mentira porque vostede aínda non se decatou que Ejechuvi é dos traballadores, non é do Servizo Galego de Saúde, polo tanto, primeiro, infórmese ben, e nós tamén nos reunimos con algunhas das traballadoras do hospital público Álvaro Cunqueiro porque tamén quixemos escoitar cal son as súas demandas e cales son as súas necesidades e eu lle recomendo que lea o escrito que as propias traballadoras presentaron no que piden expresamente ao Concello de Vigo que dea servizo de transporte público ao hospital, porque vostedes como sempre votan balóns fora e esquécense do que é a súa competencia, por suposto tódalas administracións teñen que poñer o que teñen que poñer para dar o servizo ao hospital, sen dúbida, pero vostedes teñen moito que dicir porque o transporte público ao hospital é absolutamente deficiente

e por tanto eu lle pido que deixen de mirar sempre ao mesmo sitio e que cumpra coa súa obriga, que é dar un transporte público ao hospital, a un centro sanitario digno aos traballadores do hospital e tamén aos usuarios do hospital que o necesitan, porque falando de prazas de aparcadoiro é curioso que vostedes todo o fíen a que haxa prazas de aparcadoiro e que todo o mundo vaia en coche ao hospital, todo o mundo ten que ir ao hospital en coche para vostedes, o fomento do transporte público é cero, cal é solución de que o transporte sexa público malo? Non, collan vostede o coche e habiliten prazas, de momento teñen 500 prazas de aparcadoiro gratuítas os profesionais cando van ao hospital Álvaro Cunqueiro, esa é a realidade o aparcadoiro municipal gratuító aínda estamos esperando por el, a vostedes non lles interesa porque queren que os traballadores teñan dificultades en chegar e porque queren seguir boicoteando e utilizando ás persoas para a súa guerra política contra a Xunta de Galicia e contra o Sr. Feijóo. E nós non somos como vostedes e como defendemos aos vigueses imos aceptar a emenda de Marea de Vigo porque se hai que mellorar o transporte interurbano, mellorémolo e falemos coa Xunta de Galicia para que mellore o transporte interurbano para os traballadores, porque nós apoiamos aos traballadores e aos vigueses, vostedes fan mala propaganda, culpan ao de sempre e ao final quédanse os vigueses pagando as súas obsesión políticas, contra a Xunta de Galicia, hai que traballar polas persoas Sra. Marra, non hai que traballar contra as persoas, por iso nós imos aceptar a emenda que presenta Marea de Vigo e imos traballar. Por certo, o transporte interurbano, metropolitano non o temos a prezo reducidos gracias a que o Sr. Alcalde asinou un convenio e despois incumpruno, iso é o que lle importa as persoas e os usuarios. Sinceramente, cremos que hai que traballar máis polas persoas e menos utilizar as persoas por intereses políticos.

PRESIDENCIA: A concelleira do grupo Socialista fíxolle unha emenda “in voce” unha emenda, non sei se a acepta, pode repetila Sra. Marra.

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: Unha emenda de substitución que di, en primeiro lugar instar á Xunta de Galicia que garanta o transporte gratuító dos traballadores ao hospital, tal como se viña prestando ata este momento. En segundo lugar, instar á Xunta de Galicia a que decrete a total gratuidade de forma inmediata dos dous

aparcadoiros do hospital situados en consultas e en urxencias. E en terceiro lugar, instar á Xunta de Galicia á apertura inmediata das dúas parcelas dispoñibles no hospital que están anexas á rotonda.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sra. Marra, non lle teño que contestar eu a esa emenda “in voce”, xa lle contestaron as traballadoras dicindo que iso non é o que necesitan nin o que utilizan. Eu vou a dicir que non acepto e como queda a parte dispositiva que é o que imos a votar coa emenda engadida do Marea de Vigo.

PRESIDENCIA: Eu presido este Pleno, voulle a explicar como imos a proceder, como di o Regulamento que imos proceder e se a vostede lle parece ben co procedemento que eu lle propoño dende o sosego e dende a normalidade.

A costume deste Pleno e consultado co secretario deste Pleno dinos que se vote a emenda e que despois se vote a moción, co cal a proposta xa a fixo o Partido Popular sobre esta moción e xa dixo que aceptaba a emenda proposta por Marea de Vigo, co cal procedemos a ditaminar se a todos nos parece ben.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A min me gustaría que se lea o texto tal e como queda coa emenda aceptada do Partido Popular.

PRESIDENCIA: Votamos e unha vez aprobada lemos o texto.
Imos a proceder a ditaminar a emenda proposta por Marea de Vigo.

VOTACIÓN: Queda aprobada por unanimidade.

PRESIDENCIA: Agora procedemos a ditaminar a moción presentada polo Partido Popular.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Pode ler o que imos votar e como queda a moción?.

PRESIDENCIA: Na parte resolutiva “por todo o exposto o grupo municipal do Partido Popular propón ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo: primeiro punto; instar ao goberno municipal a reforzar con carácter xeral o servizo de

autobús urbano ao hospital Álvaro Cunqueiro; punto segundo, instar ao goberno municipal a incrementar as frecuencias en hora punta, ampliar os horarios e habilitar novas liñas de Vitrassa para atender as necesidades dos traballadores/as; punto terceiro, instar á Xunta de Galicia a reforzar tamén aqueles servizos de transporte de carácter interurbano competencia autonómica que facilite o desprazamento aos traballadores/as do complexo hospitalario.

Por parte do grupo Socialista se fai a solicitude da facer a votación por separado destes tres puntos, propóñenllo ao grupo propoñente.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Non se acepta co cal se votan os tres puntos de forma conxunta.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, presenta unha emenda de engádeda:

-Instar á Xunta de Galicia a reforzar tamén aqueles servizos de transporte de carácter interurbano (competencia autonómica) que faciliten o desprazamento aos traballadores e traballadoras do complexo hospitalario.

Ao seren aceptada a anterior emenda pola relatora da moción, Sra. Muñoz Fonteriz, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández)

VOTACIÓN DA EMENDA: Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, acórdase aceptar a emenda de engádeda.

VOTACIÓN DO FONDO: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e trece abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira,

Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.09.2017 (Rex. Nº 1623/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, coa emenda de engádeda do voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, quedando do seguinte xeito:

-Instar ao Goberno municipal a reforzar, con carácter xeral, o servizo de autobús urbano ao Hospital Álvaro Cunqueiro.

-Instar ao Goberno municipal a incrementar frecuencias en hora punta, ampliar horarios e habilitar novas liñas de Vitrasa para atender as necesidades dos traballadores.”

-Instar á Xunta de Galicia a reforzar tamén aqueles servizos de transporte de carácter interurbano (competencia autonómica) que faciliten o desprazamento aos traballadores e traballadoras do complexo hospitalario.

9(bis)(154).- MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A AUMENTAR AS TRANSFERENCIAS E SUBVENCÍONS QUE REALIZA O CONCELLO DE VIGO ATA IGUALALAS, ASÍ COMO A ACOMETER OS INVESTIMENTOS NA CIDADE REITERADAMENTE DEMANDADOS. REXISTRO PLENO 1625/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de setembro de 2017, número 1625/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN URXENTE

“Motivación da Urgencia: está motivada polo anuncio realizado este fin de semana polo presidente da Xunta de Galicia, Sr. Núñez Feijóo, de que se inicia a elaboración de Orzamentos da Xunta de Galicia para 2018. Xa que logo, este pleno debe situarse con anterioridade a esa elaboración para que se inclúan as partidas necesarias, para dar cumprimento aos acordos que aquí se propoñen.

Exposición de motivos:

Adoita ser difícil coñecer con exactitude as cifras de Transferencias e Subvencións da Xunta aos Concellos que se materializan en axudas, convenios, etc.

Non así as relativas a investimentos que no caso da cidade de Vigo é de 0 euros.

Pero no día de onte, por declaracións do Presidente da Xunta, coñecemos o Informe de Fiscalización da conta xeral correspondente ao ano 2.015 do Consello de Contas de Galicia.

A denuncia permanente deste Goberno Municipal, de discriminación cara á cidade de Vigo queda patente nese informe de fiscalización. A media galega, de transferencia ás cidades por parte da Xunta, está en 91 euros/habitante. No caso de Vigo é de 30,97 euros. As cifras do din.

A media das 6 cidades principais, excluindo Vigo é de 51 euros/habitante. É dicir Vigo está un 40% por baixo do resto das cidades principais de Galicia. É moi significativo que Vigo reciba a terceira parte que Santiago, por exemplo. Isto no apartado de Transferencia e Subvencións. No caso de que sumásemos este apartado co de Investimentos, as diferenzas serían abismals e a cidade de Vigo estaría fóra de toda estatística porque os investimentos da Xunta en Vigo son de 0 euros.

Nese apartado de Investimentos, a cidade de Vigo vén reiterando dende fai anos unha relación importante e extensa de investimentos pendentes nesta cidade que non veñen sendo atendidas ano tras ano:

- Atención ao transporte aéreo e promoción exterior de Vigo.
- Centros de Saúde, o de Bouzas segue pechado malia a cesión do terreo por parte do Concello.
- Acceso AP 9 dende Buenos Aires.
- Aparcamiento Hospital Álvaro Cunqueiro gratuito para cidadáns e traballadores.
- Reforma integral de Balaídos
- Viais de titularidade autonómica (AG57 enlace VG20 a Baiona; Avenida de Galicia; Avda. Ricardo Mella; Rúa Arquitecto Gómez Román e rúa Canido; Avenida de Castrelos-Estrada de Valladares; Estrada de Zamáns, Avenida da Florida-Estrada de Camposancos; Avenida de Ramón Nieto e Avenida da Ponche).
- Infraestruturas educativas (reforma e ampliacións de colexios).
- Infraestruturas deportivas.
- Bolsas de comedor en Centros de educación infantil e primaria.
- Accións en Política Social.
- Plans de Emprego.
- Apoio AVE por Cerdedo.

- Paseo e cunca do Rio Lagares
- Política e acción cultural.
- Apoio ao Marisquiño.
- Apoio a bandas de música.
- Promoción das Illas Cíes.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:

ACORDO:

- Instar á Xunta de Galicia a aumentar as transferencias e subvencións que realiza o Concello de Vigo ata igualalas en termos per cápita coa cidade que reciba a maior achega.
- Instar á Xunta de Galicia a acometer os investimentos na cidade de Vigo que foron reiteradamente demandadas nos últimos anos e que figuran na exposición de motivos desta moción.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Presentamos unha moción primeiro, entendendo que non é unha moción a maiores porque realmente o cupo deste grupo son 4 mocións e entendemos que como queira que as previsións do Presidente da Xunta de Galicia son a confección de orzamentos da Xunta de Galicia con carácter inmediato, entendemos que a resolución deste Pleno no pode demorarse por un mes precisamente polas datas da confección dese orzamento. Polo tanto, solicitamos a inclusión na orde do día como moción urxente.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sr. Presidente, eu para comezar quería pedir o pronunciamento do secretario do Pleno porque se rexeitou unha moción urxente presentada polo Partido Popular, entendo que non se vai falar neste Pleno desa moción urxente, nin sequera a queren votar a urxencia da moción...

PRESIDENTE: Estamos a tratando outro punto, o punto seguinte que imos tratar é o que vostede propón, co cal nos gustaría a esta presidencia que se posicionara sobre a proposta que estamos a facer sobre a moción de urxencia proposta polo Sr. López Font.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: E por iso, no uso da palabra, eu pido que se pronuncie o secretario do Pleno sobre a urxencia desta moción toda vez que os orzamentos da

Xunta de Galicia, segundo publicou o DOGA, de 22 xuño de 2017, comezáronse a tramitar o día 16 de xuño coa orde da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e polo tanto, gustaríame que o secretario se pronunciara sobre a urxencia desa moción. Dito isto, si se vota a urxencia unha vez clarexada polo secretario direi que nós como somos demócratas e porque cremos que no Pleno non se debe de coartar que se fale das cuestións que interesan á cidade, nos imos abster porque cremos que e temos respecto polas mocións que presentan tódolos grupos municipais.

SR. PÉREZ CORREA: O calendario de aprobación dos orzamentos é coñecido, acordado que o 19 de decembro se aprobaría definitivamente os orzamentos, efectivamente antes hai un período de tramitación das emendas á totalidade, as emendas parciais que presenten os grupos, polo tanto, a urxencia para nós é absolutamente relativa, é certo que en novembro van estar o debate ás emendas totais pero aquí imos falar das propostas en todo caso cos grupos municipais que consideramos que teñen que levarse para a cidade de Vigo ao conxunto do articulado do orzamentos para o 2018; como criterio de urxencia nós vemos que é bastante subxectivo e que deberíamos ao mellor clarexalo a través dun informe, cal é o criterio de urxencia, máis alá do regulamento ou da lei de bases, porque vemos que é bastante subxectivo, pois nós tamén entendemos que outras veces se nos ten rexeitado a nós mocións de urxencia, a nosa posición vai ser igualmente que o Partido Popular, absternos, pero a próxima vez, sabendo que o Partido Socialista ten catro mocións por Pleno, pois preséntese isto como moción ordinaria e non deixe morrer dúas mocións que poderíamos ter introducido nós neste Pleno cada vez con menos debate, con menos temas pola Lei de grandes cidades, a próxima vez que se completen as 4 mocións que ten o Partido Socialista que ten 17 concelleiros, xa me gustaría a min telos para redactar mocións.

PRESIDENCIA: Primeiro, non coincidindo en parte do argumento proposto polos diferentes grupos, cando se di que xa se coñecía o calendario do procedemento dos orzamentos, pois hoxe mesmo atopámonos co anuncio do Ministro de Facenda dicindo que se suspenden os orzamentos do Goberno España, co cal algúns teñen a posibilidade e a capacidade de entender cal é o calendario dos orzamentos pero

os gobernos teñen un calendario claro. Si que é verdade, si é dato certo que este mesmo fin de semana o Partido Popular, o goberno do Sr. Feijóo, anuncia que se realizarán os orzamentos da Xunta de Galicia. Este goberno quixo darlle a oportunidade a tódolos grupos de posicionarse na demanda que si vai facer a través de carta ao Presidente da Xunta de Galicia, este goberno reclamando accións tan importantes en saúde, en transporte aéreo, no hospital Álvaro Cunqueiro, na reforma integral de Balaídos, etc. necesidades da cidade que nós queríamos compartir neste Pleno con tódolos grupos para que tiveran a oportunidade de sumarse, pero ante a reflexión que nos fan os diferentes grupos deste Pleno retiramos esta moción e procedemos coa orde día, anunciando neste Pleno por parte desta presidencia que lle mandaremos un escrito solicitando as demandas da cidade ao goberno autonómico para que o reflecten nos orzamentos da Xunta de Galicia.

A Presidencia manifesta a retirada da moción.

9(tercer)(155).-MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A COMPARECENCIA ANTE O PLENO DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL, CO OBXECTO DE DAR EXPLICACIÓNS EN RELACIÓN Á PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO NO CONCELLO DE VIGO. REXISTRO PLENO 1626/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de setembro de 2017, número 1626/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pasado venres dábase a coñecer o contido dun informe xurídico emitido polo Secretario da Corporación, Sr. Riesgo Boluda, a petición dos Concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular respecto da provisións dos postos de traballo dos funcionario deste Concello.

A solicitude deste informe debeuse ás numerosas queixas achegadas por funcionarios municipais ao noso grupo municipal onde expresaban a súa profunda frustración respecto das escasas posibilidades de promoción na súa carreira como traballadores públicos deste Concello debido á política certamente arbitraria e de amiguismo que supostamente ven aplicando o goberno municipal na designación de determinados postos de responsabilidade.

O informe emitido polo secretario resulta demoledor en canto que del se conclúe que se están a vulnerar principios fundamentais na función pública como son o de publicidade, mérito e capacidade.

A alarma xerada entre os traballadores municipais polo contido do informe do secretario, así como as numerosas irregularidades e deficiencias que se están a producir en relación coa xestión do persoal e das ofertas de emprego público, mesmo coa anulación de exames, e o nomeamento masivo de funcionarios interinos xustifican a urxencia da comparecencia do responsable político da área de xestión municipal que inclúe as competencias de persoal.

Polo anteriormente exposto e ao abeiro do disposto no artigo 67 do Regulamento orgánico do pleno do Concello de Vigo, o grupo municipal do Partido popular SOLICITA:

A comparecencia ante o Pleno da Corporación da concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, co obxecto de dar explicacións en relación co informado polo Sr. Secretario referido á provisión de postos de traballo no Concello de Vigo e outras irregularidades que se están a producir neste departamento.”

DEBATE:

PRESIDENCIA: Pasamos agora á presentación do escrito por parte do secretario rexeitando a urxencia da moción do Partido Popular.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Recibimos o escrito, non compartimos evidentemente porque nos parece que é unha situación de urxencia, a situación do persoal que habería que falar a día de hoxe, que habería que falar no Pleno, que pedíamos simplemente pedir a comparecencia do concelleiro de persoal pero está claro que o quere é esconderse un pouco máis e non dar a cara no Pleno, esperaremos porque levarémola por moción ordinaria.

PRESIDENCIA: Eu creo que este goberno e este Pleno no que presidido ten a costume de facer caso aos informes que fan os corpos de habilitados nacionais, neste caso temos un informe que nos di que non procede a urxencia e así procederemos porque o contrario sería non estar en dereito, co informe do secretario pois procedemos a seguir co Pleno.

Non se admite a urxencia.

.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

10(156).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO Á ACTIVIDADE ILEGAL DA EMPRESA CRESPO E COUSIÑO EN TEIS.

SR. PÉREZ CORREA: A pesares de que xa se está a tramitar na Xerencia de Urbanismo sobre os problemas que está a xerar a actividade dunha empresa Crespo e Cousiño en Teis, eses veciños que están a protestar e precisamente porque non se ten posto un precinto a esa actividade, rogamos que se precinte e se pare xa unha actividade que é rotundamente ilegal como ben acaba de aprobar a Xerencia de Urbanismo.

PRESIDENTE: Queda reflectido ese rogo.

11(157).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO Á ASISTENCIA AO SEU TRABALLO DO SR. BALLESTEROS.

SR. GAGO BUGARÍN: Rogamos ao goberno municipal que publicite cando vai a traballar o Sr. Ballesteros porque agora que xa non é Alcalde Pedáneo, así

recoñecido pola Xustiza, queremos saber se realmente esta a acudir ao seu traballo.

PRESIDENCIA: Queda recollido este rogo.

.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

12(158).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO, RELATIVO AO CAMBIO DE NOME DO COLEXIO VIRXE DO ROCÍO.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Gustaríanos saber cal é motivo da actitude tan negativa por parte do grupo do goberno ante o cambio do nome do Colexio da Virxe do Rocío polo Rosio, sabendo que foi aprobado pola comunidade educativa case por unanimidade.

PRESIDENTE: Contestaráselle á pregunta por escrito.

13(159).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, RELATIVO A CANDO VAI RECIBIR O ALCALDE ÁS PERSOAS ACAMPADAS NA PRAZA DO REI.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: A nós gustaríanos saber cando o Alcalde e a Sra. Concelleira van, recibir aos representantes da acampada para coñecer a realidade desta cidade e poder por fin empezar un proxecto social de Vigo.

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

14(160).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, RELATIVO Á VENDA AMBULANTE DE PEIXE E CARNE SEN PERMISO NA CIDADE.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Nesta cidade estase a vender peixe e carne polas rúas, realmente o Concello fai un seguimento desa venda ambulante sen permiso?

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.